

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 1 de abril de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández

**Invitados**

D. Javier Pardo Espiñeira  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

D<sup>a</sup>. Eugenia Dolores Blanco Iglesias

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día un de abril de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(277).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria extraordinaria e urxente do 11 de marzo e extraordinaria e urxente do 15 de marzo de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(278).- DAR CONTA DE SENTENZAS, DECRETOS E AUTOS:**

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Autos e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

A) EXPTE. 9447/111. X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 435/2015 PA. DEMANDANTE: MANUEL MATAS PADILLA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO TEA DO CONCELLO DE VIGO DE 27.07.15 (DILIXENCIA DE EMBARGO EN RELACIÓN CON DÚAS SANCIONS DE TRÁFICO) ESTIMADO O RECURSO.

B) EXPTE. 9550/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº PA 525/2015. DEMANDANTE: RAMÓN SALVADOR GONZÁLEZ CAMPOS. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 2.09.15 (E.P.)RECLAMACIÓN PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA-DANOS EN VEHÍCULO POR CAÍDA ÁRBORE NA AVDA DE CASTELAO (EXPTE.: 3884/243) ESTIMADO PARCIALMENTE O RECURSO.

C) EXPTE. Nº 9518/111. DECRETO DO X. DE 1ª INSTANCIA Nº 13 DE VIGO NO PROCEDEMENTO MONITORIO 872/2015. DEMANDANTE: VIAJES SANT YAGO. OBXECTO: RECLAMACIÓN DE PAGAMENTO DE 3 FACTURAS (AVIÓNS E HOTEIS) DO 27 E 30.04.10. DECLÁRASE REMATADO O PROCEDEMENTO.

D) EXPTE. Nº 8246/111. SENTENZA DO TSXG. SALA DO SOCIAL NO REC. SUPPLICACIÓN 3908/2015. OBXECTO: SENTENZA ESTIMATORIA PARCIAL DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4 DE VIGO (REFORZO). DEMANDANTE: SUSANA BERNARDEZ FERNÁNDEZ, ROSA BARANDELA VÁZQUEZ E PATRICIA VILLAR POSADA.OBXECTO: “DESPEDIMENTOS” DO 01.08.13: CESIÓN ILEGAL E IMPROCEDENTE. DESESTIMADO O RECURSO DE SUPPLICACIÓN.

E) EXPTE. Nº 7975/111. AUTO DO X. SOCIAL Nº 1 DE VIGO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 302/2013 . DEMANDANTE: BEGOÑA BUJÁN OTERO. OBXECTO: RECLAMACIÓN DE CANTIDADES E DECLARACIÓN DE CESIÓN ILEGAL. O AUTO REMATA A FASE DE EXECUCIÓN DA SENTENZA DICTADA NO SEU MOMENTO NO PROCEDEMENTO DE REFERENCIA (P.O. 302/2013).

F) EXPTE. 8000/111. AUTO DO X. DO SOCIAL Nº 4 DE VIGO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 314/2013. DEMANDANTE: VERÓNICA COSTAS RODRÍGUEZ. OBXECTO: DECLARACIÓN DE CESIÓN ILEGAL. O AUTO ACORDA EXECUTAR A SENTENZA DICTADA NO PROCED. 312/14.

G) EXPTE. 9561/111. SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº PA 547/2015. DEMANDANTE: SILVIA GONZÁLEZ PEREIRA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 26.01.16 (E.P.). RECLAMACIÓN

PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA, DANOS NO VEHÍCULO PAVILLÓN DO BERBÉS (EXPTE. 4702/243). ESTIMADO O RECURSO.

H) EXPTE. 9549/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 590/2015 P.A. DEMANDANTE: MARÍA ANTONIA QUIRÓS MORO. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 25.09.15. RECLAMACIÓN PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA, CAÍDA NA VÍA PÚBLICA (EXPTE.4583/243). DESESTIMADO O RECURSO.

I) EXPTE. 9551/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº PA 594/2015. DEMANDANTE: JOSÉ RAMÓN PÉREZ DOMÍNGUEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO TEA DO CONCELLO DE VIGO. DILIXENCIA DE EMBARGO, SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE.3935/550 E 27455/700). ESTIMADO O RECURSO.

K) EXPTE.9570/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº PA 607/2015. DEMANDANTE: NATIVIDAD MONTENEGRO DOMÍNGUEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN 27.01.2016, RECLAMACIÓN PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA, CAÍDA NA VÍA PÚBLICA (EXPTE. 4417/243). ESTIMADO PARCIALMENTE O RECURSO.

L) EXPTE. 9081/111. SENTENZA DO TSXG, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN Nº 1, APELACIÓN 383/2015, INTERPOSTO CONTRA SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO NO RC-A Nº PA 132/2015. DEMANDANTE: MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ. OBXECTO: XGL 23.01.15,PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO, S.E.I. DESESTIMADO O RECURSO DE APELACIÓN.

M) EXPTE. Nº 8230/111. SENTENZA DO TSXG, SALA DO SOCIAL, SUPPLICACIÓN 455/2015, CONTRA SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4 DE VIGO (REFORZO). PROCEDEMENTO: 1042/2013 (DEREITOS FUNDAMENTAIS) DEMANDANTE: MARÍA ASUNCIÓN PÉREZ GONZÁLEZ. E.P. CESIÓN ILEGAL E DESPEDIMENTO IMPROCEDENTE. DESESTIMADO O RECURSO DE SUPPLICACIÓN.

N) EXPTE. 7928/111. DECRETO DO X. DO SOCIAL Nº 1 DE VIGO NO PROCEDEMENTO: 301/2013 (MSCT). DEMANDANTE: BEGOÑA BUJÁN OTERO. DESESTIMENTO DA ACTORA.

O) EXPTE, 9578/111. DECRETO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 542/2015 PA. DEMANDANTE: GESTIÓN SANITARIA GALLEGA SLU. OBXECTO: RESOLUCIÓN 27.03.15 (E 8.05.15 EN REPOSICIÓN). SANCIÓN CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. DESESTIMENTO DA ACTORA.

P) EXPTE.7393/111. SENTENZA DO TSXG DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN 2ª, RC-A Nº 7842/2011 PO. DEMANDANTE: PURIFICACIÓN RIVEIRO PEREIRA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DA APV DO 25.04.11, RECLAMACIÓN PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA, CAÍDA NA RÚA EDUARDO CABELLO-BOUZAS (EXPTE. 1959/423). DESESTIMADO O RECURSO.

Q) EXPTE. 9477/111. AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº PA 498/2015. DEMANDANTE: AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO. OBXECTO: PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO IBI-2014, 3 RECIBOS (EXPTE. 3901/550 E 27073/700). DECLARA A CADUCIDADE DO RECURSO.

R) EXPTE. 9579/111. X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº2 DE VIGO NO RC-A Nº 1/2016 PA. DEMANDANTE: CONCEPCIÓN MENDUÍÑA ÁLVAREZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 11.09.15, RECLAMACIÓN PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA, CAÍDA AO SUBIR A UN AUTOBÚS DE TRANSPORTE PÚBLICO (EXPTE.4551/243) DESESTIMADO O RECURSO.

S) EXPTE. 9499/111. DECRETO DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DE VIGO NO PROCEDEMENTO: 863/2015 PO (CANTIDADES: RETRIBUCIÓNS POR CATEGORÍA E CARREIRA). DEMANDANTE: Mª ISABEL PÉREZ RODRÍGUEZ. DESESTIMADO DA DEMANDANTE.

T) EXPTE. Nº 8387/111. SENTENZA DO TSXG, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN 2ª. APELACIÓN 4529/2015 CONTRA SENTENZA DESESTIMATORIA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO, RC-A Nº 10/2014 PO. DEMANDANTE: C.P. SANJURJO BADÍA, 167 DE VIGO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DA RECLAMACIÓN PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA DE DANOS POR FILTRACIÓN DE AUGA. ESTIMADO O RECURSO DE APELACIÓN.

U) EXPTE. Nº 8637/111. SENTENZA DO TSXG, SALA DO C-A, SECCIÓN 2ª, APELACIÓN 4482/2015, CONTRA SENTENZA DESESTIMATORIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº2 DE VIGO, RC-A Nº 127/2014 PO. DEMANDANTE: MARY SOL RIVEIRO RODRÍGUEZ. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE REPOSICIÓN. SOLICITUDE DO 28.05.12 (MOLESTIAS NA PISTA POLIDEPORTIVA EN OIA). ESTIMADA PARCIALMENTE A APELACIÓN.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**3(279).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL. EXPTE. 119479/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11/03/16 e o informe de fiscalización do 18/03/16, dáse conta do informe-proposta do 09/03/16,

da técnico medio de servizos económicos, conformado polo xefe da área de Benestar Social, pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 2 de novembro de 2012, aprobou a adxudicación definitiva do procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social, ubicado nas instalacións de Marques de Valterra nº 6, (expte. 71394-301), por un importe anual de 663.548,85 euros, dos que 60.332,63 corresponden ao IVE.*

*Mediante expediente 105436/301 aprobouse a segunda revisión de prezos do período novembro/2013- novembro/2014 O prezo revisado para ese período ascende a 662.416,99 euros.*

*O apartado 3.J) das FEC que rexe o contrato, establece a procedencia da revisión de prezos que recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato.*

*O índice de prezos de consumo no período novembro/2014-novembro/2015 experimentou un incremento do -0,3% segundo datos do INE que se achegan. Tal e como determinan os pregos, o incremento recollerá o 85% da variación experimentada, quedando fixada, polo tanto a efectos do cálculo no -0,26% da cantidade a actualizar (662.416,99 euros) O importe correspondente a variación do IPC neste período ascende a -1.722,29 euros.*

*O contrato a partir de decembro 2014 pasa a ter un importe de 660.694,61 euros*

*Polo exposto con anterioridade, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Aprobar a actualización do prezo do contrato do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social, ubicado nas instalacións de Marques de Valterra nº 6, a nome de ATENCION SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, SL., NIF B85595239, en -1.722,29 euros, correspondente ao 85% da variación negativa experimentada polo IPC nacional no período novembro 2014-novembro 2015, que se contabilizará na partida 2310.2279913, todo elo en execución do prego de cláusulas que rexen o contrato.*

*O contrato para o período decembro 2015-novembro 2016 pasa a ter un importe de 660.694,61 euros anuais.”*

*Segundo: Regularizar e axustar as facturas que se presenten a partires da notificación do presente acordo nun importe negativo de -143,53 €/mes*

*Terceiro: Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(280).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE SÁRDOMA C.F. EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DA ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2106. EXPTE. 14964/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 09/03/16 e o informe de fiscalización do 29/03/16, dáse conta do informe-proposta do 08/03/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“Atendendo á instrucción remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Sárdoma CF polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2015/2016.*

*A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.*

*Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.*

*En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Sárdoma CF conta cun equipo de élite na modalidade de Fútbol na categoría 2ª División Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.*

*Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría 2ª División Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2015/2016, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*

*Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Sárdoma CF e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.*

*O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:*

- *O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- *A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- *O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

*Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:*

- *Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- *Contribuir a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- *Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

*A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".*

*Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Sárdoma CF para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.*

*A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes*

orxamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que "Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Sárdoma CF durante a tempada deportiva 2015/2016, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Sárdoma CF para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría 2ª División Nacional na tempada deportiva 2015/2016 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 23.000,00€. a favor da entidade Sárdoma CF co CIF: G-36615607 e enderezo social na rúa Camino da Feira, S/N, 36214, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14964/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.19 do vixente orzamento.

**TERCEIRO:** Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio."



**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE SÁRDOMA CF EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016 (EXPTE. 14964/333).*

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezaseis.

*REUNIDOS*

*Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.*

*Doutra, don José Manuel López Rodríguez como presidente da entidade Sárdoma CF CIF: G-36615607 e enderezo social na rúa Camiño da Feira, S/N, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14964/333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.-Que a entidade Sárdoma CF conta cun equipo de élite que participa na categoría 2ª División Nacional desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade Sárdoma CF desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2015/2016.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.-Que a entidade Sárdoma CF impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Fútbol en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.*

*III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.19 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 23.000,00€, a favor da entidade deportiva Sárdoma CF.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Sárdoma CF na tempada deportiva 2015/2016.

VI.- Que a entidade Sárdoma CF non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14964/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Sárdoma CF o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Sárdoma CF comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

1. Programa Municipal de escolas deportivas.
2. Xornadas de formación.
3. Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
4. Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
5. ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Fútbol na tempada 2015/2016.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Sárdoma CF na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Sárdoma CF (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Sárdoma CF unha subvención por importe de 23.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.19 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2015/2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2015/2016, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

*Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2015/2016. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sigificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2015/2016, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.*

*Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2016.*

*O Alcalde de Vigo.*

*O Presidente do Sárdoma CF*

*Asdo. Abel Caballero Álvarez*

*Asdo. José Manuel López Rodríguez"*

**5(281).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL-COIA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016. EXPTE. 14956/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 09/03/16 e o informe de fiscalización do 29/03/16, dáse conta do informe-proposta do 08/03/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“Atendendo á instrucción remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2015/2016.*

*A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.*

*Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.*

*En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Club Balonmán Seis do Nadal-Coia conta cun equipo de élite na modalidade de Balonmán Feminino na categoría División de Honra Prata. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.*

*Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra Prata hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2015/2016, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*

*Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.*

*O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:*

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

*Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

*A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

*Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.*

*A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución*



de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrência dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia durante a tempada deportiva 2015/2016, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Balonmán Seis do Nadal-Coia para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría División de Honra Prata na tempada deportiva 2015/2016 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00€. a favor da entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia co CIF: G-36948115 e enderezo social na rúa Mondariz, 2, 36209, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14956/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.18 do vixente orzamento.

**TERCEIRO:** Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL-COIA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016 (EXPTE. 14956/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezaseis.

## REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Antón Piñeiro Lorenzo como presidente da entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia CIF: G-36948115 e enderezo social na rúa Mondariz, 2, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14956/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## MANIFESTAN

I.-Que a entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honra Prata desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2015/2016.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Balonmán en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.18, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00€, a favor da entidade deportiva Club Balonmán Seis do Nadal-Coia.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadruar á financiación do proxecto xeral da entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia na tempada deportiva 2015/2016.

VI.- Que a entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14956/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

6. Programa Municipal de escolas deportivas.
7. Xornadas de formación.
8. Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
9. Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
10. ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Balonmán na tempada 2015/2016.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Balonmán Seis do Nadal-Coia unha subvención por importe de 30.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.18 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadjuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2015/2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2015/2016, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor

*por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2015/2016. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.*

*Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2015/2016, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.*

*Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e*

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2016.

O Alcalde de Vigo.

Asdo. Abel Caballero Álvarez

O Presidente do

Club Balonmán Seis do Nadal-Coia

Asdo. Antón Piñeiro Lorenzo"

**6(282).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE HALCONES DE VIGO BÉISBOL CLUB EN BASE Á DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016. EXPTE. 14971/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 09/03/16 e o informe de fiscalización do 29/03/16, dáse conta do informe-proposta do 09/03/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*"Atendendo á instrucción remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2015/2016.*

*A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.*

*Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade*

*de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.*

*En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Club conta cun equipo de élite na modalidade de Beisbol na categoría Liga Nacional Primeira División. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.*

*Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Nacional Primeira División hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2015/2016, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*

*Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.*

*O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:*

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

*Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*



*A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

*Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Halcones de Vigo Beisbol Club para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.*

*A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

*Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo*

*para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Halcones de Vigo Beisbol Club durante a tempada deportiva 2015/2016, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.*

*Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Club para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Liga Nacional Primeira División na tempada deportiva 2015/2016 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.*

*SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 15.000,00€. a favor da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club co CIF: G-36933331 e enderezo social na rúa Curros, 17, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14971/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.14 do vixente orzamento.*

*TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE HALCONES DE VIGO BEISBOL CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016 (EXPT. 14971/333).*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezaseis.*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.*

*Doutra, donA M<sup>a</sup> Isabel Villar de Dios como presidenta da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club CIF: G-36933331 e enderezo social na rúa Curros, 17, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14971/333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

**MANIFESTAN**

*I.-Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Club conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga Nacional de Primeira División desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte. A entidade Halcones de Vigo Beisbol Club desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2015/2016.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.-Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Club impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Beisbol en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.*

*III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

*IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.14 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00€, a favor da entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Club.*

*V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club na tempada deportiva 2015/2016.*

*VI.- Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Club non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14971/333.*

*VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club o*

*Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

### **PACTOS**

*Primeiro.- A entidade Halcones de Vigo Beisbol Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

*1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:*

- 11. Programa Municipal de escolas deportivas.*
- 12. Xornadas de formación.*
- 13. Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*
- 14. Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- 15. ...*

*2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Beisbol na tempada 2015/2016.*

*3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.*

*4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.*

*5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:*

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

*6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

*7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa entidade Halcones de Vigo Beisbol Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.*

*2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club (revista, web, etc).*

3º.- Conceder directamente á entidade *Halcones de Vigo Beisbol Club* unha subvención por importe de 15.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.14 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2015/2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2015/2016, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2015/2016. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.*

*Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da entidade directamente*

*relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2015/2016, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.*

*Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2016.*

*O Alcalde de Vigo.  
Asdo. Abel Caballero Álvarez*

*A Presidenta do Halcones de Vigo Beisbol Club  
Asdo. M<sup>a</sup> Isabel Villar de Dios*

**7(283).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE VIGO RUGBY CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016. EXPTE. 14970/333.**

*Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 09/03/16 e o informe de fiscalización do 29/03/16, dáse conta do informe-proposta do 09/03/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:*

*“Atendendo á instrucción remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Vigo Rugby Club polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2015/2016.*

*A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.*

*Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.*

*En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Vigo Rugby Club conta cun equipo de élite na modalidade de Rugby na categoría División de Honra B. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.*

*Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra B hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2015/2016, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de*



*continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*

*Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Vigo Rugby Club e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.*

*O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:*

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

*Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

*A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

*Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos*

*proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Vigo Rugby Club para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.*

*A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

*Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Vigo Rugby Club durante a tempada deportiva 2015/2016, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.*

*Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Vigo Rugby Club para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun*

*equipo na categoría División de Honra B na tempada deportiva 2015/2016 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.*

*SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 28.000,00€. a favor da entidade Vigo Rugby Club co CIF: G-36680924 e enderezo social na rúa 1ª Travesía de Santiago de Vigo, 36201, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14970/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.09 do vixente orzamento.*

*TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VIGO RUGBY CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016 (EXPTE. 14970/333).*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezaseis.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.*

*Doutra, don Ramón González-Babé Iglesias como presidente da entidade Vigo Rugby Club CIF: G-36680924 e enderezo social na rúa 1ª Trav. Santiago de Vigo, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14970/333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.-Que a entidade Vigo Rugby Club conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honra B desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade Vigo Rugby Club desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2015/2016.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á*

*consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.-Que a entidade Vigo Rugby Club impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Rugby en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.*

*III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- 16. Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

*IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.09 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000,00€, a favor da entidade deportiva Vigo Rugby Club.*

*V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Vigo Rugby Club na tempada deportiva 2015/2016.*

*VI.- Que a entidade Vigo Rugby Club non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14970/333.*

*VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Vigo Rugby Club o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

#### **PACTOS**

*Primeiro.- A entidade Vigo Rugby Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

17. Programa Municipal de escolas deportivas.
18. Xornadas de formación.
19. Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
20. Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
21. ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Rugby na tempada 2015/2016.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Vigo Rugby Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Vigo Rugby Club (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Vigo Rugby Club unha subvención por importe de 28.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.09 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2015/2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de

*Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2015/2016, coa que será incompatible.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

*Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas*

no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2015/2016. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2015/2016, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.*

*Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2016.*

*O Alcalde de Vigo.  
Asdo. Abel Caballero Álvarez*

*O Presidente do Vigo Rugby Club  
Asdo. Ramón González-Babé Iglesias*



**8(284).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO I DUATLON CIDADE DE VIGO O VINDEIRO 3 DE ABRIL DE 2016. EXPTE. 14703/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15/03/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

**“1.- ANTECEDENTES:**

*A entidade Club Triatlón Mar de Vigo, con CIF (G-27730597), solicitou o día 30-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150153638), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: I DUATLON CIDADE DE VIGO*
- *Data: 3 DE ABRIL DE 2016*
- *Horario: 10.00h A 14.00h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 3 de abril de 2016; esta proba comenará ás 10.00h e rematará ás 14.00h, a proba deportiva terá a súa saída dende a Avda de Samil, dende o cruce coa rúa Rfo e Canido ata a rotonda da Avda.de Europa, continuando pola mesma ata a rotonda de Teixugueiras.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil.*

**2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

**3- PROPOSTA DE ACORDO:**

*Autorizar ao Club Triatlón Mar de Vigo, con CIF (G-27730597), a organizar o vindeiro domingo 3 de abril de 2016, a proba denominada I DUATLON CIDADE DE VIGO, esta proba deportiva comenará ás 10.00h e rematará ás 14.00h, tendo a súa saída dende a Avda de Samil, dende o*

*cruce coa rúa Río e Canido ata a rotonda da Avda.de Europa, continuando pola mesma ata a rotonda de Teixugueiras.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(285).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO XVII TROFEO CIDADE DE MOUNTAIN BIKE MARATON-VIGO BIKE CONTEST, O VINDEIRO 3 DE ABRIL DE 2016. EXPTE. 14827/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/03/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

**“1.- ANTECEDENTES:**

*A entidade Singletrack Outdoor Sports, con CIF (G36850378), solicitou o día 30-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150154118), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: XVII Trofeo Cidade de Mountain Bike Maraton-Vigo Bike Contest*
- *Data: 3 DE ABRIL DE 2016*
- *Horario: 10.00h A 14.30h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo **3 de abril** de 2016; esta proba comenizará ás 10.00h e rematará ás 14.30h, a proba se levará a cabo nos Montes Veciñais de Candeán (Monte Vixiador).*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Comunidade de Montes Veciñais de Candeán*
- *Protección civil*

**2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Singletrack Outdoor Sports, con CIF (G36850378), a organizar o vindeiro domingo 3 de abril de 2016, a proba denominada XVII TROFEO CIDADE DE MOUNTAIN BIKE MARATON-VIGO BIKE CONTEST a proba deportiva comenará ás 10.00h e rematará as 14.30h, toda a proba discorrerá polos Montes Veciñais de Candeán (Monte Vixiador).”

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(286).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 12641/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 03/02/16 e o informe de fiscalización do 21/03/16, dáse conta do informe-proposta do 03/03/16, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013, 2014 e 2015, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos”, no 2012, 2013, 2014 e 2015, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que conforme establece a LEI 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
  - b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*
- ...”*

*Deste xeito, Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratación por entidades sin ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este*

benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social..

Dentro deste fomento do emprego na cidade de Vigo temos en conta os novos nichos de emprego entre os que a formación experiencial de persoas no apoio ás persoas vítimas de violencia de xénero, incrementan as ofertas de novos empregos, así como a do acompañamento a busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral destas persoas, mulleres na súa maioría, vítimas de violencia de xénero, favorecéndose así un dos cometidos que persegue este Concello de Vigo dentro das súas competencias, o da reinsertión social e laboral da cidadanía. A contratación destas persoas mediadoras coas vítimas de malos tratos, estaría encadrado dentro desta lexislación vixente.

A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” solicita, a través dun escrito con rexistro de entrada o día 21 de xaneiro de 2016 co nº de rexistro 160007073, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que instrumentará a realización de 4 contratos laborais, 3 deles de persoal con formación universitaria e 1 de formación profesional, o que permitirá deste xeito consolidar novas actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudos das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero. Cabe sulñar que os custes da contratación deste/s traballador/es sería moito mais elevado se o asumise o Concello de Vigo, en comparativa coa proposta presentada por esta Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”.

A xustificación da concesión dunha subvención de xeito directo a ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS NA LOITA CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO, ven dado entre outras cousas pola proposta económica presentada pola asociación para contratación de 4 persoas con cargo ao fomento do emprego. Son 4 persoas (1 Licenciada en Dereito (40%), 1 Licenciado/a Socioloxía (30%), 1 Diplomada en Traballo Social (100%), e 1 Administrativa (100%) para os 8 meses propostos segundo o cadro anexo e proposición económica presentada pola asociación que suporía uns custes salariais de 40.558,56 €, custes necesarios sin ter en conta outros gastos como mantemento de instalacións, enerxía eléctrica, auga, etc, en tanto que si aplicásemos os custes propios do convenio municipal para estas contratacións o montante veríase moi incrementado resultando por importe de 73.028,51 €.

Custes estimados entidade:

CUSTES SALARIAIS ENTIDADE							
Nº DE PERSOAS TRABALLADORAS	OCUPACIÓN	SALARIO BRUTO	S.S EMPRESA	TOTAL MENSUAL	DURACIÓN DO CONTRATO	TIPO DE XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
1	LICENCIADA EN DEREITO	601,68 €	197,06 €	798,74 €	8,00	40,00%	6.389,92 €
1	LICENCIADA EN SOCIOLOXÍA	451,23 €	147,81 €	599,04 €	8,00	30,00%	4.792,32 €
1	DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL	1.443,36 €	472,69 €	1.916,05 €	8,00	100,00%	15.328,40 €
1	TÉCNICA ADMINISTRATIVA	1.322,78 €	433,21 €	1.755,99 €	8,00	100,00%	14.047,92 €
TOTAL CONTRATACIÓNS							40.558,56 €
GASTOS DE XESTIÓN							608,38 €
TOTAL							41.166,94 €

## Custes da contratación se os tivese que contratar o Concello de Vigo

CUSTES SALARIAIS CONCELLO

CONTRATOS	Posto	Basicas-Mes	CD_Mes	Esp_Mes	Mensual	Promrateo paga extra	Seg.Social mes	Custes mensuais	XORNADA	Contratación (meses)	TOTAL
1	TECNICO/A ADMINISTRACION XERAL	1.120,14 €	705,18 €	1.281,52 €	3.106,84 €	258,90 €	1.080,40 €	4.187,24 €	40,00%	8	13.399,18 €
1	TECNICO/A ADMINISTRACION XERAL	1.120,14 €	705,18 €	1.281,52 €	3.106,84 €	258,90 €	1.080,40 €	4.187,24 €	30,00%	8	10.049,39 €
1	TECNICO/A ACTIVIDADES TURISTICAS	968,57 €	625,66 €	1.083,76 €	2.677,99 €	223,17 €	931,27 €	3.609,27 €	100,00%	8	28.874,14 €
1	ADMINISTRATIVO/A	846,65 €	421,42 €	652,33 €	1.920,40 €	160,03 €	667,82 €	2.588,22 €	100,00%	8	20.705,79 €
											73.028,51 €

O importe do convenio de 41.166,94€ (40.558,56 € de custes salariais e 608,38 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) imputaranse con cargo á partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2016, co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/02/2016 ao 30/09/2016).

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

- *Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:*
  - *O fomento da autoestima.*
  - *A potenciación da personalidade.*
  - *A transmisión de modelos sociais igualitarios.*
  - *O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.*
  - *Transmitir modelos sociais igualitarios.*
  - *Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.*
  - *Identificar a violencia de xénero*
- *Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.*
- *Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.*
- *Promover a manifestación pública contra os malos tratos.*
- *Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.*

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos do Plan Municipal de Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- *Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.*
- *Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.*
- *Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.*

- *Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral.*
- *Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.*
- *Inserir laboralmente ós colectivos con mais dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.*
- *Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.*
- *Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.*
- *Potenciar a creación de Observatorios do mercado de traballo vinculados ao Pacto local de emprego que, ademais de facer análise do mercado de traballo realice prospectiva a curto e medio prazo tanto no relativo ás necesidades de incorporación de traballadores ás empresas existentes como nos nichos de mercado existentes para o impulso do emprendemento.*

*Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio as persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, e empresariais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.*

*Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, ademais de ser a única entidade sin ánimo de lucro rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións, dedicada exclusivamente á atención a mulleres en situación de maltrato.*

*Esta situación de exclusividade na atención ás mulleres maltratadas, xunto co incremento do número de vítimas mortais no noso entorno (75% das rexistradas no total de Galicia), o número de chamadas ao 016 (49,35% ), xustifica a realización deste convenio de colaboración, remarcando que nesta cidade non existe ningunha outra asociación adicada directamente a estes cometidos, que realice as mesmas ou similares tarefas de apoio e garanta unha atención profesional e especializada, e con unha alta valoración polas propias usuarias e cidadanía de Vigo.*

*Incorpórase unha cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral entre os traballadores directa ou indirectamente beneficiarios da subvención que se pretende conceder a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo e o Concello de Vigo.*

*O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

*Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

1. *Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con CIF: G36928646 sobre as accións de interese para a cidade destinadas a fomentar actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando*

*estudios das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero.*

- 2. Autorizar o gasto de 41.166,94 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2016.*
- 3. Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.*
- 4. Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”**

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duos mil quince*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015) con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.*

*Doutra parte, Dona María Rosario Otero Rodríguez co DNI 36012710T en calidade de Presidenta da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, nomeada en assemblea celebrada o 15 de decembro de 2010, ten poder suficiente para actuar en nome da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con domicilio social en Rúa Oliva, 12 – 2º 36202 de VIGO e CIF G36928646.*

*Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.*

**EXPOÑEN**

*PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de activos e desempregados.*

*Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013 e 2014, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos”, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

*a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*

*b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*

*...”*

*Deste xeito, Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratacións por entidades sin ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.*

*SEGUNDO: Para acadar esta loita contra a discriminación e a reinserción deste colectivo desfavorecido, a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, propón a contratación de 4 profesionais para a realización de actividades de fomento, orientación e formación en igualdade, a concienciación social e para mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade destas mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*Todas estas actividades propostas pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, considéranse accións de interese para a nosa cidade, pola potenciación da xestión de atención primaria de saúde, así como na prestación dos servizos sociais e de promoción, así como da reinserción de colectivos desfavorecidos.*

*Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”*

#### **MANIFESTAN**

*I.- - Que a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:*



1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:
  - a) O fomento da autoestima.
  - b) A potenciación da personalidade.
  - c) A transmisión de modelos sociais igualitarios.
  - d) O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
  - e) Transmitir modelos sociais igualitarios.
  - f) Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.
  - g) Identificar a violencia de xénero
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
3. Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.
4. Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
5. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións de asociacións, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de decembro de 2015, según as publicacións realizadas pola comunidade autónoma:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

CONCELLOS	Paro Actual	Total <25	Total > 25	Parados Mulleres	Parados Homes
VIGO	28.626	1.123	27.503	12.998	15.628

Paro rexistrado por sector de actividade:

CONCELLO	PARO TOTAL	AGRICULTURA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	PRIMEIRO EMPREGO
VIGO	28.626	484	5.656	3.603	20.001	2.270

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen os Municipios.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, xustifica a realización deste convenio

de colaboración, remarcando que nesta cidade non existe ningunha outra asociación adicada directamente a estes cometidos, motivos que impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a formación, o coñecemento e as habilidades necesarias para unha mellor atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

V.- Que a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", o Concello de Vigo e a dita Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" conveñén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, coa contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2015, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e concretamente, a:

1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:
  - a) O fomento da autoestima.
  - b) A potenciación da personalidade.
  - c) A transmisión de modelos sociais igualitarios.
  - d) O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
  - e) Transmitir modelos sociais igualitarios.
  - f) Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.
  - g) Identificar a violencia de xénero
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
3. Proporcionarlles ás/os profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.
4. Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
5. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.
6. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá, "Asociacións

en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario ou secretaria da asociación certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar.

7. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
8. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
9. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo, Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
10. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
11. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
12. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
13. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
14. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respectar a estrutura organizativa da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
3. Conceder directamente á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos unha subvención total por importe de 41.166,94 € (30.552,40 € de custes salariais, 10.006,16€ de seguridade social e 608,38 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) con cargo á partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2016, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.*

*Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:*

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.*
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.*
- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.*

*Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

*Noveno.- Comisión de seguimento*

*Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:*

- 1. O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.*
- 2. Tres vocais:*
  - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.*

- b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
- c) Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluíra a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- a) Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- b) Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- c) Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- d) Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Decímo.- A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

•A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro y demás responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancions que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.*

*Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de febreiro e o 30 de setembro de 2016.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2016

Concellaría de Emprego, Economía, Industria,  
Voluntariado e Relación con Sindicatos

Presidenta da Asociación "Rede"

Santos Hector Rodríguez Díaz

María Rosario Otero Rodríguez

## **11(287).- CESIÓN E USO DO EDIFICIO DA ESCOLA DE COMERCIO NA RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA Á UNIVERSIDADE DE VIGO. EXPTE. 15701/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 02/03/16 e o informe de fiscalización do 11/03/16, dáse conta do informe-proposta do 25/02/16, do

xefe do servizo de Patrimonio, conformado pola xefa das áreas da Tenencia e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*“Normativa de aplicación:*

- *LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local).*
- *LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).*
- *LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).*
- *LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).*
- *TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).*
- *RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).*
- *LOU (LO 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades).*
- *LOUG (L 11/1989, de 20 de julio, de ordenación do sistema universitario de Galicia).*

*Antecedentes:*

*Primeiro.- O reitor da Universidade de Vigo solicitou en data 29.4.2013 a cesión en uso do edificio municipal sito na rúa Conde de Torrecedeira, denominado Escola de Comercio, dada a necesidade de seguir coa actividade docente que ven prestando a Universidade de Vigo, tal e como reflicte na Memoria elaborada pola Dirección da Escola Universitaria de Estudos Empresariais.*

*Dacordo co contido da Memoria achegada (de data abril 2013), no devandito edificio se están impartindo as titulacións de Grado en Comercio, Master Universitario en Comercio Internacional e o Master en Dirección de PYMES, ademais o centro acolle o programa de maiores, o Centro de Linguas, e con posibilidades de ofertar un tercer master Universitario, polo que estima que as actuais instalacións son axeitadas as necesidades presentes e futuras, considerando apropiado para o uso actual e plenamente coincidente co obxectivo co que foi creado, o do albergar os estudos de comercio.*

*Segundo.- Por orde da Concelleira delegada de Patrimonio do 7 de novembro do 2014, ordeouse a continuación polo Servizo de Patrimonio coa tramitación do expediente de cesión de referencia do departamento de educación.*

*Terceiro.- O concello de Vigo é titular do edificio sito no nº 105 da rua Conde de Torrecedeira, que consta de alta no IMBD co número de propiedade 189, baixo a denominación de “Escola Universitaria de E. Empresariais”, e natureza xurídica demanial afecto ó servizo público educativo.*

*Cuarto.- Na tramitación do expediente foron emitidos os seguintes informes:*

- *Informe do Servizo de Educación en datas 21/7/2014 e 7/8/2014.*
- *Enxeñeiro de edificación da Xerencia de Urbanismo en data 20/11/2014, 14/10/2015 e 11/02/2016.*
- *A Dirección de Ingresos da Concellería de Economía e Facenda en data 26 de xaneiro do 2015.*
- *A concelleira de Educación en data 12/05/2015 e 3/12/2015.*



*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- O Concello de Vigo é titular do edificio sito no nº 105 da rua Conde de Torrecedeira obxecto de cesión, que consta de alta no IMBD co número de propiedade num.189, baixo a denominación de “Escola Universitaria de E. Empresariais”, e natureza xurídica demanial afecto ó servizo público educativo.*

*Na súa condición de ben demanial, ríxese polas leis e disposicións especiais que lle sexan de aplicación e, a falta de normas especiais, pola propia lei de Patrimonio das AAPP e disposicións que a desenvolvan ou complementen (art.5.4 LPAP).*

*Segundo.- A Universidade de Vigo é unha institución de dereito público a quen lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e a Lei orgánica de universidades. (Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que aprobábase os Estatutos da Universidade de Vigo).*

*Foi creada por Lei 11/1989, de 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, sinalándose na súa exposición de motivos que a Universidade é un servizo público que debe estar aberto á sociedade que a sustenta e a lei lle encomenda (xunto co resto das universidades galegas) o servizo público da ensinanza superior en Galicia, mediante o exercizo da docencia, o estudo, a investigación e a creación de coñecemento. (art.3.3)*

*A Universidade ríxese pola presente Lei, pola lexislación autonómica e estatal aplicable e polos seus Estatutos (art. 4).*

*Terceiro.- A condición de entidade de dereito público que ten a Universidade, posibilita, en base ós principios de cooperación e colaboración que presiden as relacións entre administracións públicas no desenvolvemento e execución das súas respectivas competencias, directamente o de xeito consorciado, unha colaboración entre ambas as dúas administracións, no marco xurídico previsto nas disposicións reguladoras do patrimonio das administracións públicas, que faga viábel a disposición dos medios necesarios para acadar os fins para o que constituíuse. (art. 6.g e art. 183 LPAAPP).*

*Neste contexto de colaboración e cooperación administrativa plantexase a cesión do inmovible municipal para súa dedicación aos fins educativos que ten atribuídos por lei a Universidade, poñendo a disposición desta os medios necesarios para o cumprimento e desenvolvemento do servizo público encomendado e que se concreta na impartición das disciplinas universitarias de titulación e grado á que fai mención a memoria achegada, e que a concellería de educación estima pertinente, informando o 21.7.2014 “ De pleno coincidencia co informe emitido polo Director da Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Vigo de data 8/04/2013 (doc. 130047945), no sentido de considerar apropiado o edificio para continuar co seu uso actual, plenamente coincidente co obxectivo co que foi creado de albergar os estudos de comercio.”*

*Cuarto.- A ocupación pola Universidade do edificio municipal interesado, require a obtención previa, da correspondente autorización ou concesión administrativa para o aproveitamento e uso privativo dos bens de natureza demanial, título habilitante a outorgar polo procedemento e nas condicións previstas na normativa reguladora do patrimonio das AAPP,*

*e que rexirase pola lexislación especial reguladora daquelas e, a falta de normas especiais ou no caso de insuficiencia destas, polas disposicións desta lei(art. 84 LPAAPP).*

*Por outra banda, contemplase a posibilidade do otorgamento directo destas, tanto no que atinxe as autorizacións administrativas (art.92) como no suposto das concesións demaniais (art.93.1), neste último caso, en relación co disposto no art.137.4.a) que o exceptiona do réximen xeral da concurrencia, cando o destinatario da cesión é unha entidade de dereito público, como resulta no presente caso a Universidade de Vigo, e para dedicalo a fins públicos (servizo público da ensinanza superior).*

*Cabe sinalar que na normativa reguladora das Universidades estableceuse a posibilidade de que poidan dispoñer de bens procedentes doutras AAPP para o cumprimento das súas funcións, así como a reversión destes as Administracións orixinarias unha vez deixen de ser necesarios para a prestación do servizo universitario, ou se empleen en funcións distintas das propias da Universidade.*

*Quinto.-Segundo sinala o enxeñeiro de edificación municipal no informe de data 20.11.2014, o edificio obxecto de solicitude, dacordo co PXOM vixente, atopase nunha zoa calificada como suelo urbano consolidado, coa calificación de Sistema Xeral de Equipamentos, definido coa clave SX/EQ-DC/C01, sistema educativo campus centro.(...) No tocante a o uso que prevee o PXOM, na apartado de definición da ficha urbanística determina que corresponde os centros e instalacións nos que se imparten niveles superiores do ensino regulado (nomeadamente universitario), así como niveis de ensino de reximen especial e non regulado, que atenden as necesidades do conxunto da súa poboación viguesa e ámbitos de servizos maiores. En consecuencia o uso existente educativo da parcela esta recollido nas ordenanzas do PXOM, como uso permisible, e en canto a ampliacións, reformas etc. estarase ao indicado no art. 9.13.35, e para este caso terase en consideración que o mencionado edificio atopase como un edificio recollido no catálogo de Bens culturais con nº de ficha A-100, con nivel de protección Estructural, polo que as posibles actuacións no edificio deberán de adecuarse o determinado na memoria do catálogo.*

*Así mesmo, o 11 de febreiro pasado sinala que trala anulación do PXOU/09, ...queda en vigor o anterior planeamento PXOU/93. Segundo dito planeamento, a parcela (...), atopase dentro do ámbito de suelo urbano consolidado cualificado segundo o planeamento actual con ordenanza 3.3 de zonas culturais e sociais, en donde o uso característico é cultural e social.Polo que o uso existente educativo é o mesmo tanto no planeamento anulado como no presente, e a condición de suelo urbano tamen é coincidente.Polo tanto a valoración indicada no informe de data 14/10/2015, é o mesmo tanto para planeamento anterior anulado como para o actual vixente.*

*Sexto-. Os servizos económicos do Concello (Dirección de Ingresos) informou en relación ao establecemento dun canon polo uso do inmovible que a cesión realizada ou que podería realizar o Concello de Vigo á Universidade de Vigo do ben de natureza demanial "Escola Universitaria de estudos empresariais" non é obxecto de taxas ou prezos públicos municipais pola utilización privativa ou aproveitamento especial pois as ordenanzas fiscais vixentes neste Concello van dirixidas a usuarios "autorizados" a un aproveitamento especial ou utilización privativa de bens de uso común xeral tales como rúas, parques, prazas ... pero non son aplicables a unha "cesión" ou "concesión" dun ben afecto a un servizo público.*

*Aínda que do carácter potestativo que outorga o texto refundido da LRFLL aprobado por RDL 2/2004 de 5 de marzo ás taxas e prezos públicos, podería deducirse que o Concello debe establecer estas exaccións a través dunha ordenanza fiscal ou de prezo público correspondente, esta Dirección de Ingresos considera que unha norma fiscal ou de prezo público debe de ir destinada a unha xeneralidade de potenciais usuarios, que non é o caso.*

*Ao ter esta cesión característica de singularidade, no caso de considerarse oportuno a percepción dun importe económico, este último deberá fixarse fora do ámbito tributario ou de prezo público.*

Conseguíntemente, solicitouse da Concellería de Educación informe sobre a pertinencia ou non de esixir á Universidade de Vigo unha contraprestación económica pola cesión en uso do edificio municipal para usos educativos, debéndose xustificar en calquera caso, e achegar, no suposto que proceda, a correspondente valoración.

Informandose pola mesma en data 12/05/2015 (ratificado por outro do 3/12/2015) que “Considérase que dado o importante e histórico papel da Escola de Comercio na cidade, a relevancia de manter este uso educativo do edificio actual, e a vontade do goberno municipal de apoiar dentro das súas posibilidades o desenvolvemento da Universidade de Vigo, nomeadamente, neste caso, do campus histórico, por parte desta concellería propónse a cesión gratuita, condicionada ao pleno mantemento, por parte da Universidade e ao seu cargo, das condicións físicas e funcionais da edificación municipal.”

Sétimo.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación, elaborouse pola Xefatura de Patrimonio o correspondente prego de condicións administrativas particulares que rexirán a concesión administrativa para a ocupación privativa do dominio público municipal, contendo no seu clausulado as condicións e requisitos esixidos regulamentariamente.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- “Aprobar inicialmente o prego de condicións administrativas que rexiran a concesión administrativa para o uso privativo, pola Universidade de Vigo, do edificio sito no nº105 da rua Conde de Torrecedeira de Vigo (Propiedade nº 189 do IMBD).”.

2º.- “Someter a información pública polo prazo e procedemento regulamentario o prego de condicións administrativas aprobados”.

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(288).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DO PARQUE MÓBIL E DE VÍAS E OBRAS, CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2016. EXPTE. 27692/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/03/16, dáse conta do informe-proposta do 10/03/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“En data 03/03/2016, a Intervención Xeral, no seu informe de fiscalización ao expediente 27692-220, no segundo parrágrafo das conclusións, textuamente di:

“Esta Intervención Xeral emitiu en data 7 de maio de 2014 fiscalización previa acerca da

*proposta de autorizar un incentivo de produtividade a favor das brigadas de pavimentación, no que se expuxeron os condicionantes xurícos e económicos que se consideraron oportunos para a continuidade e efectos administrativos do documento, sendo importante a dúbida manifestada no seu momento acerca das consideracións destas percepciónss como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, ou ben consideralos como incentivos de carácter variable, constatando que ata a data non se ten coñecemento de que os Servizos Xestores actuasen para resolver o conflito.*

*No citado informe de data 07/05/2014 sinalase, no apartado conclusións, que:*

*A tal efecto esta Intervención Xeral entende que a proposta a estudo debería tratarse como unha modificación dos complementos específicos dos postos de traballo vinculados coas tarefas de asfaltado, pavimentación, alcatranado etc, se é que estes non recollen unha xusta retribución de tales labores, que sen dúbida algunha comportan situacións penosas, perigosas e tóxicas. Non obstante, de proceder, e en tanto non se instrumente a regularización, a adxudicación para o presente ano dun complemento de produtividade estaría amparada pola normativa de aplicación de forma excepcional e sen continuidade no tempo.*

*/.../.*

*Ainda así, o establecemento de módulos ou criterios baseados en tablas obxetivas que midan o rendemento ou a actividade extraordinaria debería ser unha prioridade nas políticas e xestión futuras dos recursos humanos de esta Entidade Local.*

*Nas vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, no seu punto Terceiro f) recolle que, con cargo a partida 92201500000 , en concepto de produtividade, aboarase “A toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipule produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes, (5,58€/hora).*

*Na mesma instrución citada, recollese que “Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto, sempre previa avaliación, comprobación e emisión do correspondente informe favorable polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e previa consulta os Órganos especializados competentes, conforme exista manipulación de produtos tóxicos e perigosos”.*

*Así, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de maio de 2014, acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque mobil , nos seguintes termos (EXPTE. 23537/220.)*

*1º .- Recoñecer a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Mobil, con funcións de execución de firmes e pavimentos.*

*2º .-Autorizar o aboamento , en concepto de toxicidade , conforme ao punto terceiro f) das vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, a cantidade de 5,58€/hora, para o cal deberá remitirse ao Área de Recursos Humanos e Formación, relación de traballadores, nome, nº de persoal, posto, datas e n de horas da xornada laboral nas que os traballadores realicen as funcións súas funcións nas circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos, sen prexuízo da obrigatoriedade de utilización das medidas preventivas dispostas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais.*

*A técnica que suscribe como xa se indica no informe proposta de data 19/02/2016 entende que o complemento de produtividade por toxicidade proposto, debe considerarse de indole funcional e a súa percepción depende única e exclusivamente do exercicio da actividade profesional concreta de asfaltado dos viais municipais, sin carácter consolidable.e que comporta un concepto distinto das funcións desempeñadas polos postos xenéricos de oficiais de oficios, axudantes e oficiais condutores sino que retribue situacións “anormais” en canto a penosidade e toxicidade do persoal que prestan servizos nas brigadas de pavimentación.*

*No informe do Parque Mobil Municipal de data 11/02/2016 se indica o persoal que diariamente ou esporadicamente participan na pavimentación das ruas, sendo calculado o complemento de produtividade por toxicidade sobre os días efectivamente traballados e a súa percepción depende exclusivamente do exercicio das funcións de bacheo dos firmes dos viais municipais*

*Polo tanto non considerase un factor a incluír na determinación do importe do complemento específico a asignar aos postos de traballo, xa que, como se indicou anteriormente, aboarase única e exclusivamente cando se den as circunstancias especialmente tóxicas e penosas, unha vez adoptadas todas as medidas posibles en canto a prevención de riscos.*

*En canto aos módulos e criterios utilizados para a realización da proposta de aboamento, esta calculase de acordo a instrución terceira f) das vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos.*

*En consecuencia e recibido na Área de Recursos Humanos e Formación, en datas 11 e 15/01/2016, asinadas polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, co conforme do Xefe da Área de Servizos Xerais e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área, relacións de persoal do servizo do Parque Móbil, e do Servizo de Vías e Obras, adscritos as brigadas de pavimentación que teñen dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Xaneiro-2016. Ditas relacións inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.*

*As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día), que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 5,64 €/día. Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade basease nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e perigosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes*

químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senón que debe entederse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e perigosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitranadores.

En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase mais axeitado nestes intres considerarlos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se dé esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas

*relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*No presente expediente relaciónase o persoal do servizo do Parque móbil e do servizo de Vías e Obras que forman parte das brigadas de pavimentación e que realizan funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

## ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo do Parque Móbil e do servizo de Vías e Obras que se relacionan nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Trballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Trballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Produtividade”, por importe de 507,60 €, correspondente ao mes de .

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

### ANEXO

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
15881	Alonso Iglesias, Manuel	11,28 €
15496	Andujar Picans, Fernando C.	62,04 €
17331	Comesaña Pérez, Hipólito	50,76 €
14953	Fernández Rodríguez, Manuel	50,76 €
16142	Martíns Fernández, Juan A.	62,04 €
TOTAIS		236,88 €

### Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(289).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XGL DE DATA 14.01.2016, DE ADOPCIÓN DE MEDIDAS CAUTELARES NA OEP 2010-2011 (2ª FASE DA CONVOCATORIA). EXPTE. 27548/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 18/03/16, da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:



## ANTECEDENTES

1.- En data 10/12/2015 (documento 150158699) D. Dámaso Pena González en representación do sindicato SICO, presentou no Rexistro Xeral do Concello escrito no cal, entre outros aspectos de carácter procedimental, indica que o desenvolvemento dos procesos selectivos correspondentes á 2ª fase da convocatoria da OEP 2010 e 2011 poden ser extemporáneos, en virtude dunha serie de resolucións xudiciais – sen que conste a cita legal ao respecto- solicitando que se garantice a seguridade xurídica do proceso.

2.- En escrito de data 11/01/2016 Dª Cayetana Martínez Pardo (documento 160002449) presenta escrito no cal solicita a declaración de caducidade da OEP 2010-2011, a devolución das taxas aboadas e o resarcimento dos danos ocasionados.

3.- Avaliado o contido dos escritos indicados coa Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, en data 14/01/2016 dictouse instrucción de servizo, na cal se ordena a realización dos trámites administrativos necesarios para o sometemento a debate na Xunta de Goberno Local dunha proposta de adopción de medidas cautelares en relación aos procesos selectivos convocados ao abeiro da 2ª fase da convocatoria da OEP 2010-2011, aos efectos de solicitar os informes procedentes, que permitan a análise da problemática concorrente e para a adopción da correspondente decisión sobre o fondo do asunto, indicando a máxima urxencia e prioridade na tramitación do asunto.

4.- En acordo de data 14/01/2016, adoptado en sesión extraordinaria e urxente (expediente administrativo nº 27.548/220) a Xunta de Goberno Local acordou:

*“PRIMEIRO.- Acordar, con carácter cautelar e como medida provisional ao abeiro do establecido no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a suspensión dos procesos selectivos en execución para a provisión de prazas encadradas na 2ª fase da convocatoria da Oferta de Emprego Público 2010-2011, á vista das solicitudes efectuadas en documento 150158699 por D. Dámaso Pena González en representación do sindicato SICO e en escrito de data 11/01/2016 por Dª Cayetana Martínez Pardo (documento 160002449).*

*A dita medida, que se adopta aos efectos de garantir a legalidade, transparencia e adecuación a Dereito dos procesos de selección de persoal e de ingreso no emprego público local, así como dos posibles dereitos subxectivos e intereses lexítimos susceptibles de resultar afectados de procederse ao nomeamento de funcionarios/as con cargo ás prazas ofertadas, manterase namentres se procede ao estudo da situación existente pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, previa a solicitude dos informes procedentes, que permitan a análise da problemática concorrente, e para a adopción da correspondente decisión sobre o fondo do asunto.*

*En calquera caso, establécese expresamente que esta medida cautelar poderá ser alzada ou modificada durante a tramitación do procedemento, de oficio ou a instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puidesen ser tidas en conta no momento da súa adopción; dispoñendo que poderá deixada sen efecto por acordo posterior do órgano competente, unha vez se proceda á emisión dos correspondentes informes xurídicos e informes-proposta ne-*

cesarios para a adopción dunha decisión sobre o fondo do asunto polo órgano municipal competente; e extingúndose en calquera caso coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente, nos termos do disposto no artigo 72.4 da Lei 30/1992.

**SEGUNDO.-** *Dispoñer a notificación do presente acordo mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), outorgando un prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da notificación para a formulación de alegacións en caso de estimarse procedentes.*

*Contra a presente resolución, que ten natureza xurídica e procedimental de acto de trámite, únicamente caberá a interposición de recurso potestativo de reposición nos supostos previstos no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación da mesma.”*

**5.-** En escrito de data 15/01/2016 (documento nº 160004647) o Presidente do Comité de Persoal do Concello de Vigo solicita o alzamento da medida cautelar de suspensión en relación cos procesos selectivos de promoción interna.

**6.-** Constan no expediente administrativo informe xurídico da xefatura do Servizo de Recursos Humanos de data 20/01/2016 e informe xurídico da xefatura do Servizo Contencioso da Asesoría Xurídica Municipal de data 29/01/2016, á vista dos cales en instrucción do servizo de data 01/02/2016 a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal dispón:

*“Visto o informe xurídico emitido en data 20/01/2016 pola xefatura do Servizo de Recursos Humanos en relación ao fondo do asunto tramitado en expediente administrativo nº 27.548/220, sobre adopción de medidas cautelares e suspensión provisional da execución da OEP 2010-2011 (2ª fase da convocatoria) do Concello de Vigo; considerando o contido do informe xurídico emitido en data 29/01/2016 pola xefatura do Servizo Contencioso da Asesoría Xurídica Municipal con respecto aos procesos selectivos iniciados e ao alcance da suspensión e dunha eventual declaración de caducidade da OEP 2010-2011 (2ª fase da convocatoria);*

*Pola presente e ao abeiro das competencias que en materia de persoal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostento por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordo de mesma data; pola presente dispoño:*

*“Ordenar que se proceda á emisión de informe-proposta ao órgano municipal competente para a realización das actuacións contidas no informe xurídico emitido en data 20/01/2016 pola xefatura do Servizo de Recursos Humanos en relación coa OEP 2010-2011 (2ª fase da convocatoria), a efectos de declarar a caducidade parcial da indicada oferta, co alcance indicado no informe xurídico emitido en data 29/01/2016 pola xefatura do Servizo Contencioso da Asesoría Xurídica Municipal con respecto aos procesos selectivos iniciados, concretados na 2ª fase da convocatoria, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/12/2015 (expediente nº 27,309/220) en 3 prazas de inspector/a de medio ambiente (promoción interna) con proceso selectivo iniciado o 11/01/2016, anterior á suspensión cautelar acordada en data 14/01/2016.*

*Do cal se da traslado para a súa tramitación con carácter prioritario e urgente.”*

7.- En acordo de data 03/02/2016, a Xunta de Goberno Local acordou:

**“PRIMEIRO.-** *Acordar o alzamento da medida provisional e cautelar de suspensión dos procesos selectivos en execución para a provisión de prazas encadradas na 2ª fase da convocatoria da Oferta de Emprego Público 2010-2011, acordada pola Xunta de Goberno Local en data 14/01/2016, de conformidade cos informes xurídicos de datas 20/01/2016, da xefatura de Recursos Humanos, e de 29/01/2016 da xefatura do Contencioso da Asesoría Xurídica Municipal.*

**SEGUNDO.-** *Estimar parcialmente a pretensión do Comité de Persoal efectuada en escrito de data 15/01/2016 (documento nº 16004647) de conformidade co informe emitido pola xefatura do Contencioso en data 29/01/2016 en canto ás prazas con procesos selectivos iniciados, concretados naqueles convocados para a provisión de 3 prazas de inspector/a de medio ambiente, reservadas para promoción interna, e en consecuencia, e á vista dos informes xurídicos emitidos ao expediente administrativo nº 27.548/220, declarar a caducidade parcial das ofertas de emprego público 2010 e 2011, concretando o alcance da dita caducidade na 2ª fase da convocatoria, que afecta ás prazas seguintes:*

- *Técnico/a de Administración Xeral (1 oposición libre),*
- *Auxiliar de Administración Xeral (4 oposición libre das que 1 se reserva a persoas con discapacidade, 2 promoción interna das que 1 se reserva a persoas con discapacidade),*
- *Alguacil (1 promoción interna),*
- *Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial (1 oposición libre),*
- *Diplomado/a en Traballo Social (7 oposición libre),*
- *Técnico/a Medio/a de Igualdade (1 oposición libre),*
- *Inspector Principal da Policía Local ( 2 promoción interna),*
- *Cabo Extinción Incendios (1 promoción interna),*
- *Bombeiro (4 oposición libre),*
- *Conductor-Bombeiro (1 oposición libre),*
- *Oficial Conductor (1 oposición libre e 2 promoción interna),*
- *Oficial Xardineiro (1 promoción interna),*
- *Policía local (23 prazas)*

*Quedando exceptuadas da declaración de caducidade as 3 prazas de inspector/a de medio ambiente (promoción interna) segundo informe da xefatura do Contencioso da Asesoría Xurídica Municipal de data 29/01/2016.*

**TERCEIRO.-** *Acordar a devolución de oficio das taxas aboadas polas persoas aspirantes, a efectos do cal deberá notificarse o presente acordo aos Servizos Económicos para que en execución do mesmo se proceda á tramitación do procedemento administrativo que ao efecto corresponda.*

**CUARTO.-** *Declarar a non afección da 1ª fase da convocatoria das ofertas de emprego público 2010 e 2011, ao estar rematadas debidamente e tratarse de actos firmes e consentidos, nos termos dos informes xurídicos de datas 20/01/2016 e 29/01/2016.*

**QUINTO.-** Acordar que se proceda á inclusión daquelas prazas afectadas pola declaración de caducidade e que se atopen interinamente cubertas na seguinte oferta de emprego público en que legalmente resulte posible, nos termos do informe xurídico emitido pola xefatura de Recursos Humanos en data 20/01/2016, aos efectos de garantir o cumprimento do previsto no artigo 10.4 do RD lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do EBEP, previa a negociación colectiva ao efecto segundo o contemplado no artigo 37.1, apartado l) da mesma norma, e nos termos en que a lexislación vixente en materia de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 así o permita.

**SEXTO.-** Dispoñer a notificación do presente acordo mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público coñecemento.”

8.- En data 16/02/2016 (documento administrativo nº 160017765) D<sup>a</sup> Nuria Guerra Sánchez, con DNI nº 32,838,326-F, presenta recurso de reposición contra co acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/01/2016, de suspensión cautelar.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- As Administracións Públicas están suxeitas no seu funcionamento aos principios constitucionais de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito (artigo 103.1 CE 1978), rexendo os principios de interdicción da arbitrariedade (artigo 9.3) e legalidade, debendo en consecuencia a Administración Pública garantir a plena observancia de que os procesos selectivos se desenvolvan garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia competitiva recollidos no artigo 55 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa sectorial de concordante aplicación.

II.- O artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, contempla (apartados 1, 3 e 4) que:

*“1. Iniciado el procedimiento, el órgano administrativo competente para resolverlo, podrá adoptar, de oficio o a instancia de parte, las medidas provisionales que estime oportunas para asegurar la eficacia de la resolución que pudiera recaer, si existiesen elementos de juicio suficiente para ello.*

*(.....)*

*3. No se podrán adoptar medidas provisionales que puedan causar perjuicio de difícil o imposible reparación a los interesados o que impliquen violación de derechos amparados por las leyes.*

*4. Las medidas provisionales podrán ser alzadas o modificadas durante la tramitación del procedimiento, de oficio o a instancia de parte, en virtud de circunstancias sobrevenidas o que no pudieron ser tenidas en cuenta en el momento de su adopción.*

*En todo caso, se extinguirán con la eficacia de la resolución administrativa que ponga fin al procedimiento correspondiente.”*

No marco do dito precepto foi adoptada a medida cautelar de suspensión acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14/01/2016, aos efectos de permitir o estudo xurídico sobre o fondo do asunto (procedencia ou improcedencia da declaración de caducidade da OEP 2010-2011, xunto co alcance e límites da mesma).

III.- Sirva como motivación xurídica sustentadora da resolución recaída sobre o fondo do asunto, e para o que poda servir para garantir os dereitos da recorrente, o informe xurídico emitido pola funcionaria suscribinte, a petición da Concellería-delegada de Área, en data 20/01/2016, e que se transcribe íntegramente como motivación do presente informe-proposta:

#### “INFORME XURÍDICO<sup>1</sup>

##### 1.- ANTECEDENTES

##### 2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- MARCO LEGAL APLICABLE ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO NAS ENTIDADES LOCAIS.

II.- CIRCUNSTANCIAS INHERENTES AO SUPOSTO FÁCTICO ANALIZADO. CONSIDERACIÓNS EN FAVOR DA NON CONCORRENCIA DE CAUSA DE CADUCIDADE DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2010 E 2011.

III.- A POSICIÓN DA XURISPRUDENCIA NA MATERIA.

IV.- OS PRINCIPIOS CONSTITUCIONAIS DE SEGURIDADE XURÍDICA E DE INTERDICCIÓN DA ARBITRARIIDADE: A NECESIDADE DE OBSERVANCIA DOS REQUISITOS CONTEMPLADOS NO MARCO LEGAL. CONSIDERACIÓNS RESPECTO DA PROMOCIÓN INTERNA. PROBLEMÁTICA DAS PRAZAS CUBERTAS CON CARÁCTER INTERINO: IMPACTOS NA CONFIRMACIÓN DA OEP 2016.

##### 3.- CONCLUSIÓNS

##### 4.- COMPETENCIA PARA DICTAR RESOLUCIÓN

##### 1.- ANTECEDENTES

1.- En data 10/12/2015 (documento nº 150158699) D. Dámaso Pena González en representación do sindicato SICO, presentou no Rexistro Xeral do Concello escrito no cal, entre outros as-

---

1 Informe xurídico emitido na condición de funcionaria adscrita á xefatura do servizo xestor, Técnico de Admón. Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo, sen prexuízo do disposto nos artigos 129 e 130 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en canto ás funcións e competencias do órgano directivo “Titular da Asesoría Xurídica Municipal”

pectos de carácter procedimental, indica que o desenvolvemento dos procesos selectivos correspondentes á 2ª fase da convocatoria da OEP 2010 e 2011 pode ser extemporáneo, en virtude dunha serie de resolucións xudiciais – sen que conste a cita legal ao respecto- solicitando que se garantice a seguridade xurídica do proceso.

2.- En escrito de data 11/01/2016 Dª Cayetana Martínez Pardo (documento 160002449) presenta escrito no cal solicita a declaración de caducidade da OEP 2010-2011, a devolución das taxas aboadas e o resarcimento dos danos ocasionados.

3.- Avaliado o contido dos escritos indicados coa Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, en data 14/01/2016 dictouse instrucción de servizo, na cal se ordena a realización dos trámites administrativos necesarios para o sometemento a debate na Xunta de Goberno Local dunha **proposta de adopción de medidas cautelares** en relación aos procesos selectivos convocados ao abeiro da 2ª fase da convocatoria da OEP 2010-2011, aos efectos de solicitar os informes procedentes, que permitan a análise da problemática concorrente e para a adopción da correspondente decisión sobre o fondo do asunto, indicando a máxima urxencia e prioridade na tramitación do asunto.

4.- En acordo de data 14/01/2016, adoptado en sesión extraordinaria e urxente (expediente administrativo nº 27.548/220) a Xunta de Goberno Local acordou:

**“PRIMEIRO.-** Acordar, con carácter cautelar e como medida provisional ao abeiro do establecido no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a suspensión dos procesos selectivos en execución para a provisión de prazas encadradas na 2ª fase da convocatoria da Oferta de Emprego Público 2010-2011, á vista das solicitudes efectuadas en documento 150158699 por D. Dámaso Pena González en representación do sindicato SICO e en escrito de data 11/01/2016 por Dª Cayetana Martínez Pardo (documento 160002449).

A dita medida, que se adopta aos efectos de garantir a legalidade, transparencia e adecuación a Dereito dos procesos de selección de persoal e de ingreso no emprego público local, así como dos posibles dereitos subxectivos e inteses lexítimos susceptibles de resultar afectados de procederse ao nomeamento de funcionarios/as con cargo ás prazas ofertadas, manterase namentres se procede ao estudo da situación existente pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, previa a solicitude dos informes procedentes, que permitan a análise da problemática concorrente, e para a adopción da correspondente decisión sobre o fondo do asunto.

En calquera caso, establécese expresamente que esta medida cautelar poderá ser alzada ou modificada durante a tramitación do procedemento, de oficio ou a instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puidesen ser tidas en conta no momento da súa adopción; dispoñendo que poderá deixada sen efecto por acordo posterior do órgano competente, unha vez se proceda á emisión dos correspondentes informes xurídicos e informes-proposta necesarios para a adopción dunha decisión sobre o fondo do asunto polo órgano municipal competente; e extinguíndose en calquera caso coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente, nos termos do disposto no artigo 72.4 da Lei 30/1992.

**SEGUNDO.-** *Dispoñer a notificación do presente acordo mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), outorgando un prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da notificación para a formulación de alegacións en caso de estimarse procedentes.*

*Contra a presente resolución, que ten natureza xurídica e procedimental de acto de trámite, únicamente caberá a interposición de recurso potestativo de reposición nos supostos previstos no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, no prazo de **1 mes** a contar dende o día seguinte ao da notificación da mesma.”*

*5.- En escrito de data 15/01/2016 (documento nº 160004647) o Presidente do Comité de Persoal do Concello solicita o alzamento da medida cautelar de suspensión en relación cos procesos selectivos de promoción interna.*

*Por tanto, e vistos os antecedentes relacionados, procede efectuar unha análise da situación fáctica concorrente, aos efectos de que o órgano municipal competente poda resolver sobre o fondo do asunto coas máximas garantías para os/as aspirantes afectados/as.*

## **2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

### **I.- MARCO LEGAL APLICABLE ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO NAS ENTIDADES LOCAIS.**

*As ofertas de emprego público constituén elementos esenciais da ordenación de recursos humanos no sector público, dentro da actividade de planificación de recursos humanos, cuxo obxectivo fundamental é o de contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.*

*O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE 261/2015, do 31 de outubro) regula as ofertas de emprego público no seu artigo 70, establecendo que:*

*1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. **En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.***

*2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.*

3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”

O Informe da Comisión de Expertos constituída para a elaboración do borrador técnico de Estatuto Básico do Empregado Público, designado por Orde APU 3018/2004, do 16 de decembro, xa sinalaba, con respecto ás ofertas de emprego público, a necesidade de establecemento dun prazo para a súa execución, aos efectos de evitar irregularidades<sup>1</sup>, lembrando a obriga de convocar as prazas ofertadas no prazo máximo que se establecese ao efecto, e aconsellando que se contemplase éste no desenvolvemento normativo do EBEP. O certo é que a redacción final da norma contempla un prazo de 3 anos para a súa execución, sen dúbida coa finalidade de garantir a efectiva materialización do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade que toda persoa que reúna os requisitos ao efecto ten, sen que ese dereito poda ser susceptible de non materializarse por dilación ou ineficiencia imputables á Administración.

Os procesos de desenvolvemento normativo do EBEP prolongáronse durante anos dende a súa entrada en vigor (12/05/2007) e non foi ata o ano 2015 -tras efectuar certas adaptacións de relevancia a través do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, do texto refundido da Lei de Función pública de Galicia- cando o lexislador da nosa Comunidade Autónoma de Galicia procedeu á aprobación da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia, en exercicio das competencias que ten atribuídas na materia.

A dita norma contempla no seu artigo 48, con carácter xeral e polo que atinxe ás ofertas de emprego público, que:

“1. Las necesidades de recursos humanos con asignación presupuestaria que no puedan ser cubiertas con los efectivos de personal existentes, incluidas las vacantes desempeñadas por personal funcionario interino o laboral temporal, serán objeto de oferta de empleo público, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por ciento adicional, salvo que se decida su amortización, estén incursas en un procedimiento de provisión de puestos de trabajo por concurso o, en el caso del personal docente, la planificación educativa lo impida.

2. En las ofertas de empleo público se reservará un porcentaje no inferior al siete por ciento de las plazas convocadas para ser cubiertas entre personas con discapacidad, siempre que superen las pruebas selectivas y acrediten su discapacidad y la compatibilidad de esta con el desempeño de las tareas y funciones, de forma que progresivamente se alcance el dos por ciento de los efectivos totales de cada Administración pública incluida en el ámbito de aplicación de la presente ley.

La reserva del mínimo del siete por ciento se realizará de manera que, al menos el dos por ciento de las plazas ofertadas lo sea para ser cubiertas por personas que acrediten discapacidad intelectual, y el resto de las plazas ofertadas lo sea para personas que acrediten cualquier otro tipo de discapacidad.

---

1 Vid. Páxina 74 do Informe da Comisión.



*La reserva se hará sobre el número total de las plazas incluidas en la respectiva oferta de empleo público, pudiendo concentrarse las plazas reservadas para personas con discapacidad en aquellas convocatorias que se refieran a cuerpos, escalas o categorías que se adapten mejor a las peculiaridades de las personas con discapacidad. Cuando de la aplicación de los porcentajes resulten fracciones decimales, se redondearán por exceso para su cómputo.*

*Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzan el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente oferta de empleo público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento.*

*3. Las ofertas de empleo público pueden prever que las plazas reservadas para personas con discapacidad se convoquen conjuntamente con las plazas ordinarias o mediante convocatorias independientes, garantizándose, en todo caso, el carácter individual de los procesos selectivos. Las pruebas de los procesos objeto de convocatoria independiente tendrán el mismo contenido que las que se realicen en las convocatorias ordinarias y las personas que participen en ellas deberán acreditar el grado de discapacidad indicado. Las plazas incluidas en estas convocatorias se computarán en el porcentaje reservado en la oferta de empleo público para su cobertura entre personas con discapacidad.*

***4. Una vez aprobada y publicada la oferta de empleo público, los respectivos procesos selectivos se convocarán en el plazo máximo fijado en la misma. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público debe desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años, a contar a partir del día siguiente al de la publicación de aquella en el correspondiente diario oficial.***

*5. La oferta de empleo público podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”*

*Dentro do Título X, denominado “Especialidades do persoal ao servizo das entidades locais” a norma autonómica contempla que:*

*“1. Las entidades locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal, así como a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de aquella para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las administraciones públicas.*

*2. No podrá nombrarse personal interino para plazas que no se hubieran incluido en la oferta de empleo público, salvo cuando se trate de vacantes producidas con posterioridad a su aprobación.”*

*No ámbito do sector público local, tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como o Real Decreto legislativo 781/1985, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, non contemplan especiali-*

dade algunha no concreto aspecto indicado, sen prexuízo do cal debe lembrarse a obrigatoriedade de observancia da lexislación básica ex artigo 2.1 do RD lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, así como da lexislación de función pública no ámbito autonómico correspondente (artigo 7 Lei autonómica 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia).

Por tanto, o marco legal vixente establece unha dobre obriga: a de execución das ofertas de emprego público dentro dun límite temporal de 3 anos, contados dende a data de publicación no diario oficial correspondente<sup>1</sup>, e a de convocatoria dos procesos selectivos dentro do prazo establecido ao efecto.

## **II.- CIRCUNSTANCIAS INHERENTES AO SUPOSTO FÁCTICO ANALIZADO. CONSIDERACIÓNS EN FAVOR DA NON CONCORRENCIA DE CAUSA DE CADUCIDADE DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2010 E 2011.**

Aos efectos de delimitar a cuestión obxecto de informe, resulta imprescindible efectuar unha análise da secuencia temporal relativa ás actuacións administrativas realizadas, así como ás circunstancias inherentes ao mesmo, segundo a secuencia seguinte:

- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30/12/2010 acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2010 (publicacións oficiais no BOP do 04/02/2011 e no DOG do 18/02/2011) aprobando, en sesión de data 30/12/2011, a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2011 (publicacións oficiais no BOP do 16/02/2012 e no DOG do 28/02/2012).

-Seguindo as directrices que en canto á planificación de recursos humanos corresponden á concellería-delegada da área competente en materia de persoal no ámbito do Concello de Vigo<sup>2</sup>, estableceuse unha calendarización da execución de ambas ofertas de emprego público en dúas fases ou tandas, con bases xerais comúns a ambas, e bases específicas e convocatorias específicas e independentes para cada unha das tandas.

-As bases xerais reitoras dos procesos selectivos -xunto coas bases específicas correspondentes ás prazas integradas na 1ª fase da Oferta de Emprego Público 2010-2011 foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14/09/2012, tendo sido publicadas no BOP o 31/10/2012.

-As bases específicas correspondentes ás prazas integradas na 2ª fase da Oferta de Emprego Público 2010-2011 foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións de datas 05/12/2013 e 13/12/2013, tendo sido publicadas no BOP de 16/12/2013 e no DOG de 24/12/2013.

Debe indicarse que a modificación da base III das específicas da convocatoria de 3 prazas de Inspector de Medio Ambiente foi aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 05/12/2013 e publicada no DOG de 19/12/2013.

---

1 A diferenza do preceptuado no EBEP, que únicamente contempla un límite temporal de 3 anos, sen indicar unha referencia concreta para o cómputo.

2 Vid. Decretos de delegación competencial períodos 2007-2011, 2011-2015 e 2015-2019.

*Por tanto, e da comprobación aritmética do tempo transcorrido entre a publicación oficial de cada unha das ofertas de emprego en cuestión (2010 e 2011) e as datas de publicación oficial das bases e convocatoria, ambas fases parecen ter sido convocadas dentro do prazo de 3 anos, contados dende a publicación no diario oficial correspondente legalmente establecido ao efecto.*

*-Executada e rematada a 1ª fase da convocatoria, por Resolucíons do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de datas 20/12/2013 (BOE nº 6, do martes 07/01/2014) e de 27/12/2013 (BOE nº 7, do mércores 08/01/2014 e BOP nº 7, do luns 13/01/2014) procedeuse á convocatoria dos procesos selectivos para a provisión das prazas seguintes:*

- Técnico/a de Administración Xeral (1 oposición libre),*
- Auxiliar de Administración Xeral (4 oposición libre das que 1 se reserva a persoas con discapacidade, 2 promoción interna das que 1 se reserva a persoas con discapacidade),*
- Alguacil (1 promoción interna),*
- Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial (1 oposición libre),*
- Diplomado/a en Traballo Social (7 oposición libre),*
- Técnico/a Medio/a de Igualdade (1 oposición libre),*
- Inspector Principal da Policía Local ( 2 promoción interna),*
- Cabo Extinción Incendios (1 promoción interna),*
- Bombeiro (4 oposición libre),*
- Conductor-Bombeiro (1 oposición libre),*
- Oficial Conductor (1 oposición libre e 2 promoción interna),*
- Oficial Xardineiro (1 promoción interna),*
- Inspector/a de Medio Ambiente (3 promoción interna).*

*-O prazo de presentación de instancias, fixado en 20 días naturais, rematou o día 28 de xaneiro do 2014 para o persoal funcionario, salvo no caso da praza de Inspector/a de Medio Ambiente, que rematou o 27 de xaneiro de 2014 e para o persoal laboral.*

*Os numerosos recursos de reposición e alegacións presentados contra as bases -fundamentalmente, en canto ao límite de idade para o acceso ao Corpo da Policía Local- motivaron a necesidade de estudo e resolución dos mesmos, incluíndo a formulación de consulta á Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) da Xunta de Galicia sobre o punto indicado, que foi respostada en data 26/02/2014 (documento nº 140024504) pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-Xunta de Galicia) co seguinte teor literal:*

***“Asunto: Consulta relacionada coa aplicación do límite de idade para o acceso aos corpos de policía local de Galicia.***

*A Concellería- Delegada da Área de Xestión Municipal do Concello de Vigo formula unha consulta relacionada co límite de idade establecido no artigo 33.2 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.*

*A cuestión xurde logo da publicación das bases dunha convocatoria de proceso selectivo para prazas de policía local, formulándose impugnacións e alegacións, solicitando a eliminación da limitación de idade con cita dunha sentenza do Tribunal Supremo, do 21 de marzo de 2011.*

*A resposta á cuestión debe ser acorde cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade para o acceso a función pública, que terán que ser garantidos nas correspondentes convocatorias de procesos selectivos polas administracións convocantes.*

*Desde ese punto de vista, haberá que ter en conta o actual Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril -EBEP-, ao constituir un referente xeral de ámbito estatal par as Administracións das entidades locais – entre outras- (art.2).*

*Na cuestión planteada, cal é a limitación de idade prevista na normativa de coordinación de policía locais de Galicia, o EBEP-artigo 56.1.c- exige que só por lei se poderá establecer outra idade máxima, distinta da de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público. E dicir, a limitación ten que ser acorde co principio de legalidade.*

*De acordo con dito principio, o lexislador autonómico estableceu esa limitación de idade mediante lei, respectando así a exixencia do principio de legalidade establecido no EBEP que se deixa sinalado.*

*Considérase oportuno salientar a pacífica aplicación da actual lei de coordinación e as súas normas de desenvolvemento, que non foron obxecto de recurso durante a súa tramitación parlamentaria e posterior aplicación, e tamén que a limitación da idade xa se contemplaba na anterior normativa derogada (Lei 3/1992, do 23 de marzo).*

*Finalmente, a cita da Sentencia da Sala Terceira do Tribunal Supremo, do 21 de marzo de 2011 non xustifica a pretensión, xa que a resolución non é aplicable á normativa de coordinación de policía locais de Galicia; o alto tribunal, ao anular a limitación da idade, estase a pronunciar sobre un caso discriminatorio entre unha persoa que accede pola quenda libre e outra por promoción interna a unha determinada categoría policial e na que a limitación de idade é discriminatoria segundo o parecer da sala, e no caso concreto analizado parece que non se respetaba o principio de legalidade no establecemento da limitación de idade, o que non acontece na normativa de coordinación de policía locais de Galicia, onde se contempla un único sistema de acceso aos corpos de policía local, a través da Escala Básica, categoría Policía, e por lei se establece esta limitación, ao igual que no Corpo da Garda Civil, que o establece na Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime de persoal.*

*Este informe encádrase no marco competencial previsto no artigo 16 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, para o establecemento de medidas de control e seguimento necesarias para garantir que os concellos apliquen as normas de coordinación, sen perxuízo de calquera outro criterio fundado en dereito.”*

*A desestimación dos recursos de reposición presentados contra as bases, efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/08/2015 (expediente administrativo nº 25.442/220<sup>1</sup>) debería ter dado paso á resolución sobre as listas de admitidos e excluídos, órganos de selección e datas de horas de celebración dos exercicios; nembargantes, a presentación dunha multiplicidade de recursos en vía xurisdiccional contencioso-administrativa -entre eles, existe un recurso presentado por D. Dámaso Pena González en representación do sindicato SICO<sup>2</sup>,*

<sup>1</sup> No cal se deixaba constancia expresa por parte da funcionaria suscribinte da necesidade de resolver sobre as listas de admitidos e excluídos, órganos de selección e datas de horas de celebración dos exercicios (v. fundamento xurídico I do informe-proposta de data 22/08/2014, último parágrafo).

<sup>2</sup> R.C-A (procedemento abreviado) nº 227/2014, interposto por D. Dámaso Pena González en representación do SICO contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 23/05/2014, seguido

curiosamente parte denunciante agora<sup>3</sup> en relación á presunta caducidade das ofertas de emprego en cuestión, sendo coñecedor do retraso que se xeneraría ao ter a condición de parte procesual demandante- conlevou a xeneración dun evidente retraso no normal desenvolvemento da convocatoria en curso.

A título ilustrativo, debe indicarse que o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, en **Sentenza nº 298, do 22/12/2014 -recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 231/2014**, interposto por D<sup>a</sup> Paula Davila Granada, entre outros moitos- declarou a nulidade do apartado IV.1 b) das bases específicas da convocatoria pública para a provisión de plazas de policía local deste Concello, condenando a éste a eliminar de dito apartado o requisito de “non ter cumpridos os 36 anos de idade no caso dos/as aspirantes que se presenten pola quenda libre” e, en execución da mesma, publicar as bases da convocatoria coa supresión desta mención ao límite máximo de 36 anos, outorgando novo prazo de presentación de instancias. Dita sentenza deriva da aplicación das previsións do Dereito Comunitario en materia de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego público por parte dos nacionais dos Estados membros, e provocou, na práctica totalidade dos concellos do territorio nacional, a eliminación do dito requisito tras a impugnación xudicial das convocatorias ao efecto aprobadas (vid. Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 13/11/2014, entre outras).

Transcorrido o prazo legalmente previsto sen que polas partes fora interposto recurso xudicial contra a dita sentenza, a mesma foi declarada **firme**, segundo dilixencia de ordenación do referido xulgado, **en data 22/01/2015**.

-Por tanto, a necesidade de desenvolvemento dos procesos selectivos con arranxo ao marco legal vixente e en aras á consecución da máxima seguridade xurídica aconsellou esperar ata a resolución definitiva dos recursos xudiciais pendentes, aos efectos de evitar situacións desfavorables para os administrados, de terse executado os procesos selectivos sen esperar á firmeza efectiva da sentenza, o cal podería ter suposto o cesamento de funcionarios/as nomeados no caso de pronunciamento de nulidade.

-A dita sentenza foi executada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/05/2015 (expediente administrativo nº 26.532/220) acordándose a modificación das bases para eliminar o dito límite de idade, previsto na Lei. Como consecuencia da sentenza e da súa execución, tamén resultou necesaria a publicación da modificación das bases no BOP e DOG, abríndose novo prazo de convocatoria para a presentación de instancias.

-En data 06/10/2015 (documento nº 150126669) a Dirección Xeral de Emerxencias da Xunta de Galicia requeriu ao Concello de Vigo para a modificación das bases en canto á quenda de mobilidade horizontal, estando en trámite a necesaria rectificación para o seu envío urxente aos diarios e boletíns oficiais que correspondan, no momento no cal se acordou a suspensión.

-O 01/12/2015 foi dictada instrucción pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, relativa á designación dos membros integrantes dos órganos de selección, lugares e datas de celebración dos exercicios correspondentes á 2ª fase da convocatoria, sobre o cal resolveu a

---

perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no cal se dictou sentenza firme anulatoria do límite de idade de 36 anos para o acceso ao corpo de policía local.

3 V. antecedentes do presente informe-proposta.

Xunta de Goberno Local en acordo de data 04/12/2015 (expediente administrativo nº 27.309/220); o cal foi obxecto de suspensión cautelar en novo acordo de data 14/01/2016 (expediente administrativo nº 27.548/220).

Por tanto, da secuencia temporal exposta resulta sinxelo deducir a problemática concorrente na execución da 2º fase da convocatoria dos procesos selectivos convocados en execución das ofertas de emprego público 2010 e 2011 do Concello de Vigo, con relación as cales, pode observarse a realización de actuacións administrativas tendentes á execución total de ambas ofertas, sen prexuízo dos avatares indicados; deducción que, como se verá no apartado seguinte, ten apoio en concretas sentenzas xudiciais que avalan a ausencia da nota definitiva de esencialidade en canto ao prazo dos 3 anos contemplado na Lei.

Non obstante, debe efectuarse unha análise das liñas xurisprudenciais existentes neste ámbito material, a finde que a actuación municipal se axuste ao establecido no artigo 103.1 da Constitución de 1978 con respecto a que as Administracións Públicas están suxeitas no seu funcionamento aos principios constitucionais de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

### **III.- A POSICIÓN DA XURISPRUDENCIA NA MATERIA.**

No ámbito material da caducidade das ofertas de emprego público, non consta a existencia dunha liña xurisprudencial consolidada emanada do tribunal Supremo que permita efectuar un claro posicionamento en favor da continuación na execución dos procesos selectivos convocados, ou ben en favor da declaración de caducidade das ofertas de emprego obxecto de análise de xeito radical.

O que sí resulta unha evidencia é o feito de que o **Tribunal de Xustiza de Galicia (TSXG) en Sentenza do 05/06/2014 (Rec. 207/2013) no cal se analizaba a caducidade da oferta de emprego público da Universidade da Coruña** -órgano xurisdiccional competente, en sede de apelación, para o control de legalidade da decisión que se adopte polo Concello de Vigo- deixa claro que:

“a OEP é o documento mediante o que cada Administración fai pública a relación de prazas vacantes que pretende cubrir durante un exercicio orzamentario a través de procedementos de selección de persoal, de modo que dita normativa esixía que se executase nunha anualidade.

Dende o momento no que no caso presente transcorreron sete anos dende a aprobación da OEP que se invoca ata a convocatoria das prazas que nelas constan, non se tería cumprido o prazo máximo de execución e non sería operativa a excepción que se pretende”, efectuando unha extensión de idéntico razoamento no caso de aplicarse o artigo 70.1 EBEP.

Neste punto é importante sinalar que o conflito existente entre a Universidade da Coruña (demandada) e a Subdelegación do Goberno (demandante) centrouse na aplicación ou non do artigo 18.4 da Lei 30/1984 e o artigo 29 da Lei 4/1988 (postura da Universidade da Coruña) fronte aos artigos 23.1.1 da Lei 17/2012 e 70.1 do texto refundido do EBEP (postura da Subdelegación do Goberno); rematando dito conflito cunha **sentenza xudicial estimativa do recurso inter-**

**posto e declarativa da caducidade da oferta de emprego público da Universidade da Coruña obxecto do contencioso.**

A sensu contrario, existen resolucións xudiciais que consideran que non resulta aplicable a caducidade nos supostos de ofertas de emprego público cuxos procesos de selección fosen convocados ou rematados unha vez transcorrido o prazo de 3 anos previsto no artigo 70.1 do texto refundido do EBEP, e que a título ilustrativo son as seguintes:

**-Sentenzas da Audiencia Nacional de 03/11/2009 e 12/11/2009 (Recursos 51 e 52/2009):**

“Partindo do expresado nos fundamentos anteriores, en particular do sentido que debe darse ao principio de anualidade, pode afirmarse que o termo fixado no Real Decreto 120/2007 para a toma de posesión ou nomeamento como funcionarios en prácticas de aqueles que participaron nos procesos selectivos convocados ao amparo da Oferta de Emprego Público para o ano 2007 non tivo carácter esencial. E non o tivo porque o seu incumprimento non impide á Administración cumprir os seus obxectivos de cobertura de prazas vacantes, orzamentadas para ese ano, nin impide tampouco aos partícipes en ditos procesos acceder ás mesmas. En definitiva, non pode deducirse da natureza dese termo a invalidez dos actos ditados con posterioridade ao 31 de decembro de 2007. Ademais, se admitíramos a tese de que a natureza de tal termo conduce á anulabilidade dos actos ditados con posterioridade ao mesmo, tal anulabilidade alcanzaría tamén á totalidade do proceso selectivo e non só á Resolución de nomeamento. Así ocorre, por exemplo, en todos aqueles procedementos sometidos a prazo de caducidade como son aqueles nos que a Administración exerce potestades sancionadoras ou de outro tipo. Se o prazo se excede non só é nula a Resolución final senón que a anulación debe alcanzar á totalidade do procedemento xa que todo el perece, por terse excedido o prazo para a súa tramitación. Engádesse ao anterior unha segunda consideración: as consecuencias que se derivan de considerar esencial dito termo son extremadamente graves tanto para a Administración como para os administrados xa que non é infrecuente que os procesos selectivos iniciados en virtude dunha Oferta Pública de Emprego un determinado ano se prolonguen máis aló do 31 de decembro, o que segundo o exposto determinaría a anulación dos procesos impedindo á Administración cubrir as prazas vacantes de que dispoña, sempre que estean orzamentadas e ofertadas, e aos aspirantes acceder a ditas prazas, sen que se alcance a entender qué tipos de beneficios se derivan desta situación para os intereses xerais ou a dos particulares afectados. (...) O anterior non significa, sen embargo, que a fixación dun termo ou prazo careza de toda relevancia. Os Reais Decretos que aprobaron as Ofertas Públicas de Emprego dos últimos anos veñen fixando un límite temporal para os procesos selectivos -o 31 de decembro de cada ano- e o novo Estatuto Básico do Empregado Público tamén o fai no su art. 70 -un prazo máximo de tres anos-, polo que estes termos e prazos constitúen indicacións claras, incluso mandatos dirixidos á Administración para evitar a dilación excesiva dos procesos selectivos do seu persoal e, aínda que non determinen a anulación de ditos procesos, poden determinar como xa dixemos a existencia de responsabilidade da Administración por un funcionamento anormal sempre e cando se teñan causado danos aos particulares con tales dilacións. Pero a determinación desta responsabilidade non é obxecto deste preito.”

**-Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias de 11/06/2013 (Rec. 54/2013):**

“Os referidos prazos de tres anos recollidos no art. 70.1 da Lei 7/2007 e antes de dita Lei do termo dun ano do exercicio orzamentario, non implican prazo de caducidade propiamente dito, senón que constitúen unha obriga ou mandato imposto á Administración para concluír o proceso selectivo dentro de ditos prazos a fin de evitar a excesiva dilatación do proceso. Pola outra parte, o simple transcurso do indicado prazo, non determinaría a súa anulabilidade caso de que a oferta de emprego chegara ao seu fin, segundo resulta do disposto no art. 63.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que se di que “a realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas só poderá implicar a anulabilidade do acto cando así o imponha a natureza do termo ou prazo”, condición que non resulta dos preceptos antes indicados”.

**-Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de 17/07/2013 (Rec. 1208/2009):**

“Ao respecto a Sala recorda que, segundo o artigo 63.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, os actos administrativos realizados fora do tempo establecido só serán anulables cando así o imponha a natureza do termo ou prazo. Conforme a tal dato unido ao exposto sobre o principio de anualidade, poderá entenderse que o termo fixado non tivo carácter esencial porque o seu incumprimento non impide á Administración cumprir os seus obxectivos de cobertura de prazas vacantes”.

**IV.- OS PRINCIPIOS CONSTITUCIONAIS DE SEGURIDADE XURÍDICA E DE INTERDICCIÓN DA ARBITRARIIDADE: A NECESIDADE DE OBSERVANCIA DOS REQUISITOS CONTEMPLADOS NO MARCO LEGAL. CONSIDERACIÓNS RESPECTO DA PROMOCIÓN INTERNA. PROBLEMÁTICA DAS PRAZAS CUBERTAS CON CARÁCTER INTERINO: IMPACTOS NA CONFIGURACIÓN DA OEP 2016.**

O artigo 9.3 da vixente Constitución de 1978 consagra os principios de seguridade xurídica, de interdicción da arbitrariedade e de legalidade, debendo en consecuencia a Administración Pública asegurar a plena observancia de desenvolvemento dos procesos selectivos con plenas garantías dos principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia competitiva recollidos no artigo 55 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa sectorial de concordante aplicación.

Non pode obviarse que o prazo de 3 anos contemplado na normativa vixente constitúe un prazo establecido en beneficio dos cidadáns para facer efectivo un dereito fundamental, como é o dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, contemplado con carácter xeral no artigo 14 CE 1978 e en particular no 23.2 da mesma norma. Estamos, por tanto, ante unha garantía legal do correcto funcionamento da Administración.

Efectuando unha ponderación suficientemente razoada sobre este asunto -análoga á esixida para a adopción de medidas provisionais e/ou cautelares no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999- cómpre salientar que, a priori e da lectura da motivación contida nas sentenzas favorables á non esencialidade do prazo de caducidade legalmente con-



*templado, podería avalarse o alzamento da medida cautelar acordada en data 14/01/2016 e a continuación dos procesos selectivos.*

*Nembargantes, esta funcionaria estima que existe un serio risco de que o control de legalidade que se poda efectuar polos órganos xurisdiccionais competentes desemboque en sentenza xudicial declarativa da caducidade das ofertas de emprego público 2010 e 2011, o cal conleva a causación de prexuízos de costosa reparación aos interesados/as, no suposto de resolver a favor da continuación dos procesos selectivos fora do prazo establecido ao efecto; debendo considerarse que, no suposto de recurrirse en vía xudicial a actuación administrativa e rematar con resolución xudicial firme declarativa da nulidade do actuado, podería darse o caso de ter que efectuar, en execución de sentenza, o cese na condición de empregado/a público/a das personas que están pendentes de realizar as probas selectivas convocadas, resultando obvio -e igualmente elevado- o risco de derivarse responsabilidades patrimoniais e administrativas no caso exposto.*

*Un risco menos prexudicial, pero similar, existe igualmente no suposto dos procesos selectivos para a provisión de prazas de promoción interna que se atopaban en realización no momento da adopción da medida cautelar de suspensión, e cuxa continuación solicita o Comité de Persoal do Concello. A dito respecto, e por moi menores que podan ser, esta funcionaria non pode asumir as responsabilidades susceptibles de derivarse no suposto dun pronunciamento xudicial desfavorable, que podería igualmente conlevar o cese na nova praza adquirida por promoción interna e a reasignación á praza de procedencia, coa conseguinte perda de categoría profesional e de retribucións inherentes ao novo subgrupo de titulación, coa conseguinte esixencia de responsabilidade patrimonial que podería conlevar.*

*Non parece que o feito de que o lexislador orzamentario exclúa do cálculo da tasa de reposición de efectivos ás prazas de promoción interna, tal e como indica o artigo 20.2, apartado Cuatro da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, sexa motivo suficiente para a avaliación independente das incidencias susceptibles de afectar ás ofertas de emprego público 2010 e 2011, debido a que o mesmo precepto indica que as ofertas de emprego público conterán prazas de acceso libre e de promoción interna, como por outra banda xa sinala o artigo 134 do RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril xa citado, a salvo de criterio distinto por parte da titularidade da Asesoría Xurídica en canto ás reclamacións de reclasificación profesional que en vía xurisdiccional laboral se podan atopar pendentes.*

*A título exemplificativo, indícase que no Boletín Oficial da Provincia de Sevilla nº 38, do luns 16 de febreiro do 2015 (páxina 25) figura anuncio oficial publicando o Decreto da Alcaldía do Ayuntamiento de Fuentes de Andalucía de 01/12/2014, acordando declarar a caducidade da oferta de emprego público correspondente ao ano 2009, polo transcurso de 3 anos dende a súa aprobación, ao abeiro do disposto no artigo 70.1 do EBEP, nun suposto fáctico moi similar, debido ás dilacións producidas pola interposición de recursos xudiciais por parte do Sindicato Profesional de Policía Municipais de España contra as bases rectoras dos procesos selectivos, así como por varios requerimentos efectuados pola Subdelegación do Goberno correspondente.*

*Dito concello estimou que, á vista dos reiterados recursos, modificacións das bases e avatares acaecidos, procedía a declaración de caducidade da oferta de emprego público indicada.*

Por tanto, ao xuízo fundado en Dereito da funcionaria informante, consideráse procedente realizar as **actuacións seguintes**:

a) acordar o alzamento da medida cautelar de suspensión adoptada en data 14/01/2016.

b) acordar a declaración de caducidade parcial das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2010 e 2011, concretada nas prazas incluídas na 2ª fase da convocatoria, e que son as seguintes:

- Técnico/a de Administración Xeral (1 oposición libre),
- Auxiliar de Administración Xeral (4 oposición libre das que 1 se reserva a persoas con discapacidade, 2 promoción interna das que 1 se reserva a persoas con discapacidade),
- Alguacil (1 promoción interna),
- Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial (1 oposición libre),
- Diplomado/a en Traballo Social (7 oposición libre),
- Técnico/a Medio/a de Igualdade (1 oposición libre),
- Inspector Principal da Policía Local ( 2 promoción interna),
- Cabo Extinción Incendios (1 promoción interna),
- Bombeiro (4 oposición libre),
- Conductor-Bombeiro (1 oposición libre),
- Oficial Conductor (1 oposición libre e 2 promoción interna),
- Oficial Xardineiro (1 promoción interna),
- Inspector/a de Medio Ambiente (3 promoción interna).

Debería contemplarse a devolución de oficio das taxas aboadas polas persoas aspirantes que as aboasen en tempo e forma.

c) declarar a non afección da 1ª fase da convocatoria das ofertas de emprego público 2010 e 2011, ao estar rematadas debidamente e tratarse de actos firmes e consentidos.

d) acordar que se proceda á inclusión das prazas indicadas que se atopen interinamente cubertas na seguinte oferta de emprego público en que legalmente resulte posible, aos efectos de garantir o cumprimento do previsto no artigo 10.4 do RD lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do EBEP, que establece a obriga de inclusión nas ofertas de emprego público do exercicio no cal se produza o nomeamento de funcionarios/as internos das prazas por estes ocupadas, ou, de non resultar posible, na seguinte oferta de emprego público, salvo que se decida a súa amortización; máxime, considerando que para o presente ano 2016 a Lei de orzamentos xerais do Estado xa citada contempla unha taxa de reposición de efectivos do 100% en sectores e servizos prioritarios e do 50% nos restantes.

Neste aspecto debe citarse a relevante e recente **Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón 654/2015, do 9 de decembro (Rec. 119/2015)** que sinala:

“Pues bien incluso a la vista de lo razonado por el Tribunal Supremo, este tribunal Superior sigue considerando que debe estimarse la demanda al concluir que no incluir en la Oferta de Empleo Público las palzas funcionariales ocupadas en el Presupuesto anterior por interinos, no sólo

vulnera el ya reiterado art. 10,4 del EBEP y el art. 7.4 de nuestra Ley de Función Pública, sino también constituye una práctica contraria al principio de igualdad en el acceso a las funciones públicas, pues como ya decía la Sentencia del Tribunal Supremo de 29 de octubre de 2010, “no hay mejor negación del derecho consagrado en el art. 23.2 de la Constitución que la negación de los procesos públicos de selección legalmente establecidos” y entiende este Tribunal se vulnera este precepto constitucional, en este concreto caso de oferta de empleo público por los siguientes argumentos adicionales: (.....)

Y en cuarto lugar pero no por ello menos relevante, porque es posible una interpretación de las normas en conflicto, la Ley de Presupuestos y los preceptos ya reiterados (art. 10.4 del EBEP y art. 7.4 de la Ley de Función Pública aragonesa) más acorde con el derecho a la igualdad en el acceso al servicio público. Si la Administración amparándose en esa prohibición de incorporación de nuevo personal, no tuviese la obligación de incorporar las plazas de interinos, estaría -como también se dice en la demanda- desnaturalizando la estructura de nuestro sistema de incorporación en condiciones de mérito e igualdad a la función pública, permitiendo que el personal interino se mantenga indefinidamente en su puesto de trabajo, sin permitir que adquiriera la condición de funcionario quien tiene más mérito y capacidad, y así lo acredita en un proceso en condiciones de igualdad. Actuando de esta forma, se podrían cubrir todas las plazas con personal interino -además, sin límite en cuanto a su incorporación-, consiguiendo no sólo evitar incluirlas en las ofertas de empleo público, sino incluso convirtiendo en ordinaria la provisión del puesto por interino, cuando es claramente extraordinaria. No puede olvidarse que los preceptos que este Tribunal considera que son vulnerados (art. 10.4 EBEP y art. 7.4 de la ley de Función Pública de Aragón) obligan a la Administración a incluir estas plazas, no tanto por motivos económicos, sino para evitar el abuso de esta figura de interinaje.

Por todo ello, procede estimar la demanda en este punto, sin que sea preciso plantear la cuestión de inconstitucionalidad que se solicita.”

Resulta obvia, por tanto, a necesidade de toma de conciencia de que calquera actuación tendente á declaración de caducidade deberá levar aparellada a avaliación do impacto sobre a configuración da oferta de emprego público 2016 e sucesivas, en relación con aquelas prazas que á data actual se atopan interinamente cubertas, coa finalidade de garantir o dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade por todas as persoas interesadas, sexan ou non interinos, e de regularizar situacións de provisionalidade no emprego público a través dos mecanismos legalmente establecidos: as ofertas de emprego público.

### **3.- CONCLUSIÓNS**

Á vista dos antecedentes e consideracións expostos -e sen prexuízo do que se poda informar ao respecto polo órgano directivo responsable do asesoramento legal á Xunta de Goberno Local ex artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril- por parte da funcionaria asinante emítense as seguintes **CONCLUSIÓNS:**

**-UN.-** O prazo de 3 anos establecido polo artigo 70.1 do texto refundido do EBEP constitúe un mandato de congruencia, dirixido á Administración Pública para que dentro do mesmo convoke e execute os procesos selectivos para a cobertura das prazas previamente ofertadas. Existen

posicións xurisprudenciais menores encontradas, algunhas defensoras da ausencia de esencialidade do prazo e fundamentadoras da posibilidade de continuación dos procesos máis aló do dito prazo, cando se poda demostrar actuación administrativa continuada ao respecto; e outras que consideran a taxatividade do prazo de 3 anos como límite máximo temporal para a completa execución das ofertas de emprego público.

Ningunha delas emana do Tribunal Supremo, que á data carece dunha liña xurisprudencial definida ao respecto.

**-DOUS.-** Dado que se trata dun prazo establecido en beneficio dos cidadáns para facer efectivo un dereito fundamental –o acceso ao emprego público en condicións de igualdade ex artigos 14 e 23.2 da Constitución Española de 1978- poderíanse causar prexuízos importantes no suposto de resolver a favor da continuación dos procesos selectivos fora do prazo establecido ao efecto, dado que, de recurrirse en vía xudicial a actuación administrativa e rematar con resolución xudicial firme declarativa da nulidade do actuado, podería concorrer o caso de ter que efectuar, en execución de sentenza, un cese na condición de funcionario público das persoas que están pendentes de realizar as probas selectivas convocadas e cuxa suspensión foi cautelaramente acordada; risco que se entende non debería asumir a Xunta de Goberno Local, e que en modo algún esta funcionaria pode avalar.

**-TRES.-** Existe igualmente, aínda que con consecuencias menos negativas, un risco de causación de prexuízos en caso de continuar co desenvolvemento dos procesos selectivos convocados para a provisión de prazas de promoción interna, e cuxa continuación solicita o Comité de Persoal do Concello, dado que calquera resolución xudicial firme declarativa da caducidade da oferta de emprego público 2010 e 2011 e da nulidade das actuacións realizadas en execución da mesma podería igualmente conlevar o cese na nova praza adquirida por promoción interna e a reasignación á praza de procedencia, coa conseguinte perda de categoría profesional e de retribucións inherentes ao novo subgrupo de titulación, á cal debe xuntarse a conseguinte esixencia de responsabilidade patrimonial que podería conlevar, que tampouco pode avalar esta funcionaria.

**-CATRO.-** Procedería, por tanto, realizar as actuacións seguintes:

- acordar o alzamento da medida cautelar de suspensión acordada o 14/01/2016.
- desestimar a pretensión do Comité de Persoal efectuada en escrito de data 15/01/2016 (documento nº 16004647).
- declarar a caducidade parcial das ofertas de emprego público 2010 e 2011, concretando o alcance da dita caducidade na 2ª fase da convocatoria, con relación das prazas afectadas, contemplando a devolución de oficio das taxas aboadas polas persoas aspirantes.
- declarar a non afección da 1ª fase da convocatoria das ofertas de emprego público 2010 e 2011, ao estar rematadas debidamente e tratarse de actos firmes e consentidos.
- acordar que se proceda á inclusión daquelas prazas afectadas pola declaración de caducidade e que se atopen interinamente cubertas na seguinte oferta de emprego público en que legalmente resulte posible, aos efectos de garantir o cumprimento do previsto no artigo 10.4 do RD lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do EBEP.

#### **4.- COMPETENCIA PARA DICTAR RESOLUCIÓN**

*Resulta órgano competente para a xestión económica, xurídica e administrativa do persoal municipal a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.*

*Corresponde á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015, ordenar a incoación de expediente administrativo tendente á resolución do asunto e prestar conformidade á proposta de acordo que se someta ao órgano colexiado anteriormente indicado.*

*O cal se informa aos efectos oportunos, con traslado á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal para instrucións ao respecto.”*

**III.-** En data 29/01/2016, a xefatura do Servizo Contencioso da Asesoría Xurídica Municipal emite informe xurídico no cal se indica que:

*“Conforme ao requirido por oficio do 21-01-2016 podemos informar o seguinte:*

*1º) Temos unha información xeral da existencia de dous escritos, un dunha particular e outro dun sindicato “independiente”, sobre a caducidade da Oferta Pública de Emprego 2010-2011. Igualmente temos información de que se resolveu a suspensión cautelar dos procedementos da segunda parte da OEP.*

*2º) A regulación da OEP na LMRFP configuraba un mecanismo sistemático de convocatoria anual das prazas vacantes e, xa que logo, de selección de todo o persoal conforme aos principios constitucionais de mérito e capacidade, publicidade e obxectividade. A regra da anualidade e a regra legal xeral do art. 63.3 da LRX-PAC rexe o desenvolvemento dos procedementos selectivos das ofertas no plano temporal.*

*3º) A aprobación do EBEP, pola lei 7/2007 (e logo da LEPG art. 48.4), supuxo unha modificación do réxime temporal de desenvolvemento da oferta, co previsto no artigo 70 que fixa no seu apartado 1 in fine o prazo improrrogable de tres anos para a “execución” da oferta (para a “incorporación de persoal de novo ingreso”)*  
*Ao tempo aprobáronse normas que estableceron determinadas taxas de reposición de efectivos (limitación porcentual de cobertura de vacantes) que modificou o carácter sistemático da oferta. O informe de “Comité de Expertos”, (creado pola Orde 3018/2004) para o estudo e preparación do EBEP, tiña referencias concretas ao retraso na convocatorias de selección das prazas incluídas nas ofertas.*

*4º) En relación coa aplicación e consecuencias do art. 70.1 do EBEP téñense producido pronunciamentos diversos e aínda contraditorios dos xulgados do contencioso e dos Tribunais Superiores, aínda non hai xurisprudencia que saibamos.*

5º) *Exposto o anterior a xeito de simple introdución (e sen pretender entrar, mais alá do necesario, no que sexa considerado con maior profundidade e coñecementos polo persoal do servizo xestor) sendo como é a oferta de emprego público un acto plúrimo, con destinatarios xerais (non determinados e delimitados) e un acto xeral ou matriz que da lugar a desenvolvementos aplicativos posteriores; a aplicación do disposto no art. 70.1 do EBEP ten que ter necesariamente en conta os seus efectos temporais (art. 57 do LRX-PAC).*

*a) Por unha parte, os procedementos derivados xa rematados (coa toma de posesión posterior ao nomeamento dos seleccionados ou a sinatura do contrato fixo) deben ser preservados.*

*b) Por outra parte, naqueles procesos para os que non se produciu a convocatoria e mesmo para aqueles convocados pero nos que aínda non se iniciase o procedemento selectivo (non realización de ningunha proba e/ou baremación de méritos) a eficacia debe ser plena.*

- A cuestión sobre a que debe resolverse expresa e coidadosamente é a relativa aos procedementos selectivos xa convocados e iniciados (con constitución do Tribunal, realización de baremación de méritos e/ou probas selectivas) pero non rematadas, supostos nos cales é obrigado considerar o conxunto dos intereses e normas concorrentes, así como o deber de resolver expresamente os procedementos iniciados e a interpretación finalista e sistemática das normas.*

6º) *En concreto e polo que ás funcións desta Asesoría Xurídica respecta, temos casos como un procedemento selectivo con RC-A e sentenza xa firme no que pende a toma de posesión; un procedemento selectivo de promoción de persoal laboral no que se solicitou a suspensión do proceso no Xulgado do Social ata a resolución do procedemento selectivo xa convocado e parcialmente executado de non rematarse de contado é mais que probable unha sentenza estimatoria), que ademais crearía un serio problema ao tratarse de funcións inspectoras por mor do disposto no art. 22.2.b da LEPG*

*Entendemos que en tales supostos deben continuarse e rematarse á maior brevidade os procedementos en curso, o contrario sería retroactividade de acto xeral desfavorable.*

7º) *No Auto do T.S.J. De Castilla – León nº 379 do 12-11-2015 en relación coa suspensión dunha oferta, por recurso interposto pola Avogacía do Estado contra unha convocatoria do proceso selectivo do Servizo de Saúde Castelán – leonés xa se diferencia entre:*

*a) Superación do prazo de 3 anos para a convocatoria logo da OEP, caso no que se entende que non existe xa oferta de emprego público que ampare as convocatorias.*

*b) Probas selectivas convocadas dentro do prazo cun desenvolvemento que supere o prazo, pois neste caso pode entenderse que “unha vez iniciado o proceso selectivo.... non se vulnera o ordenamento xurídico...”*

*E polo que solicitamos que na resolución sobre a OEP 2010-2011 se considere a súa aplicación diferencial a procedementos non iniciados e os xa iniciados e pendentos de resolución.”*

*En atención aos ditos informes, a Xunta de Goberno Local procede ao alzamento da medida cautelar de suspensión e á resolución sobre o fondo do asunto en sesión de data 03/02/2016.*

**IV.-** *Debe considerarse que, á data de presentación do recurso de reposición obxecto do presente informe-proposta, a medida cautelar de suspensión acordada pola Xunta de Goberno Local en data 14/01/2016 xa tiña sidoalzada mediante acordo expreso, resolvendo simultaneamente sobre o fondo do asunto (procedencia ou improcedencia de*

declaración de caducidade parcial das ofertas de emprego público 2010 e 2011, na súa 2ª fase da convocatoria).

O artigo 87 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) establece que:

*“1. Pondrán fin al procedimiento la resolución, el desistimiento, la renuncia al derecho en que se funde la solicitud, cuando tal renuncia no esté prohibida por el Ordenamiento Jurídico, y la declaración de caducidad.*

*2. También producirá la terminación del procedimiento la imposibilidad material de continuarlo por causas sobrevenidas. La resolución que se dicte deberá ser motivada en todo caso.”*

Por tanto, resulta claro que á data de presentación do recurso de reposición (16/02/2016) o acto administrativo de suspensión da execución estaba expresamente alzado, por acto administrativo expreso posterior, que procedeu á resolución sobre o fondo do asunto con data 03/02/2016 (publicación oficial no BOP do 23/02/2016); entendendo, deste xeito, que procede a desestimación do recurso por resolución expresa do procedemento administrativo tramitado en expediente nº 27.548/220, poñendo fin ao mesmo, nos termos do precepto legal indicado.

**V.-** En consecuencia, e no uso das atribucións que en materia de planificación e xestión do persoal municipal ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015, e da Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, pola presente elévase ao citado órgano colexiado a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Desestimar o recurso de reposición presentado en data 16/02/2016 (documento administrativo nº 160017765) por Dª Nuria Guerra Sánchez, con DNI nº 32.838.326-F, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/01/2016, de suspensión cautelar da execución das ofertas de emprego público 2010 e 2011 (2ª fase da convocatoria) pola motivación exposta no informe-proposta que antecede, ao ter sido alzada expresamente a medida cautelar obxecto de recurso por acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/02/2016, resolvendo sobre o fondo do asunto, con carácter previo á data de presentación do recurso de reposición (16/02/2016).

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á reclamante aos efectos oportunos, así como ao Valedor do Pobo de Galicia en relación co expediente de queixa A.4.Q/291/16.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer únicamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(290).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:**

**A) REASIGNACIÓN DE DNA. CARLA CANDIA PAZ, TÉCNICA DE ADMÓN. XERAL DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, Á ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 27795/220.**

Dáse conta da Resolución de data 15/03/16, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

“DECRETO

*Con motivo da reestructuración organizativa e funcional do extinto Servizo de Recursos Humanos e o seu redimensionamento en Área de Recursos Humanos e Formación, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 04/03/2016 (expediente administrativo nº 70/105) resulta imprescindible a adecuada dotación de efectivos que permita dar resposta aos novos retos que a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, titular das competencias en materia de recursos humanos (Decreto Excm. Alcaldía e Acordo XGL de datas 19/06/2015)-demanda na planificación estratéxica e na xestión operativa do persoal municipal.*

*A integración do persoal procedente dos extintos organismos autónomos municipais IMD, EMAO e Vigozoo o pasado 01/001/2016 ten sobrecargado a xa infradotada plantilla municipal destinada na Área, e a previsión de futuro da integración do persoal ao servizo da Xerencia Municipal de Urbanismo -de ser o caso e de producirse- demanda a reasignación de efectivos á Área de Recursos Humanos e Formación, a fin de que, baixo a dirección da xefatura, se garantice a normal tramitación en prazo dos expedientes administrativos e o cumprimento dos obxectivos fixados na Área.*

*Deste xeito, a nova Área de Recursos Humanos e Formación demanda a racionalización de estruturas e a determinación de seccións de necesaria creación; dado que o obxectivo último da reconfiguración organizativa e funcional resulta ser a mellora na xestión do persoal, a consecución da máxima seguridade xurídica, e a coordinación, dirección e control da actividade administrativa susceptible de afectar aos empregados públicos ao servizo da Administración Municipal de Vigo, a xefatura de Área deberá estar directamente implicada na actividade administrativa diaria do ámbito funcional ao seu cargo.*

*Dende unha perspectiva organizativa, e segundo informe da xefatura da Área de Recursos Humanos de data 09/03/2016, resulta imprescindible a creación na relación de postos de traballo municipal dunha sección de Selección, Provisión e Xestión, cuxa finalidade é a de centralización, baixo a dirección inmediata da xefatura de Área, da actividade de planificación e xestión de recursos humanos a nivel administrativo, técnico e de xestión, concretada, entre outros aspectos, en:*

- Planificación, racionalización e ordenación de plantillas.*
- Xestión de ofertas de emprego público e procesos selectivos.*



- Xestión de sistemas de provisión de postos de traballo, reasignación e readscripción de efectivos.
- Xestión das incidencias relativas ao personal funcionario interino e laboral temporal, así como das listas de reserva.
- Xestión dos sistemas de carreira profesional, en coordinación coa sección de Calidade, Avaliación e Formación.
- Xestión de situacións administrativas,
- Aspectos adicionais relacionados coa xestión dos efectivos municipais.
- Desenvolvemento de dinámicas de brainstorming e mellora interna coa xefatura da Área e coas diferentes seccións da mesma.

Por tanto, resulta imprescindible a disponibilidad de 1 técnico/a de administración xeral licenciado/a en Dereito, ao que se poda proporcionar a necesaria especialización e capacitación no ámbito material de recursos humanos, aos efectos de garantir a asunción e correcto desempeño de funcións directivas pola xefatura da Área, debendo contarse ao efecto con persoal técnico superior en número suficiente, e debendo considerarse as carencias de persoal técnico de Admón. Xeral licenciado en Dereito no ámbito do Concello de Vigo.

Solicitado informe á Xerencia Municipal de Urbanismo, éste foi emitido en data 11/03/2016, obrando incorporado ao expediente administrativo.

O artigo 100 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, contempla a posibilidade de traslado voluntario a sectores prioritarios de actividade pública con necesidades específicas de efectivos, preceptuando que:

*“Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley, en el marco de la planificación general de sus recursos humanos, y sin perjuicio del derecho del personal funcionario de carrera a la movilidad, podrán trasladar motivadamente a este personal a órganos, unidades administrativas o entidades públicas instrumentales distintas a los de su destino cuando consideren que existen sectores prioritarios de la actividad pública con necesidades específicas de efectivos.”*

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, así como na normativa autonómica, e consideradas as necesidades organizativas expostas; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente

#### RESOLVO:

*“Primeiro.- Reasignar con carácter voluntario á funcionaria de carreira D<sup>a</sup> CARLA CANDIA PAZ, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, á Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo (código 220) onde desenvolverá, baixo a inmediata dirección da xefatura da Área, as funcións seguintes, consonte ao informe emitido en data 09/03/2016 pola xefatura da Área, concretadas en:*

- Planificación, racionalización e ordenación de plantillas.
- Xestión de ofertas de emprego público e procesos selectivos.
- Xestión de sistemas de provisión de postos de traballo, reasignación e readscripción de efectivos.

- Xestión das incidencias relativas ao personal funcionario interino e laboral temporal, así como das listas de reserva.
- Xestión dos sistemas de carreira profesional, en coordinación coa sección de Calidade, Avaliación e Formación.
- Xestión de situacións administrativas,
- Aspectos adicionais relacionados coa xestión dos efectivos municipais.
- Desenvolvemento de dinámicas de brainstorming e mellora interna coa xefatura da Área e coas diferentes seccións da mesma.
- Calquera outra función propia do posto de traballo de Técnico de Admón. Xeral e inherente á praza da cal é titular que lle poda ser atribuída pola xefatura da Área de RRHH e Formación.

Segundo.- A presente reasignación efectúase ao abeiro do establecido no artigo 100 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, sobre traslado voluntario dentro de entidades públicas e organismos instrumentais, e sen prexuízo da transferencia de persoal ou da reasignación definitiva en caso de extinción do organismo autónomo municipal Xerencia Municipal de Urbanismo.

Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ao interesado/a, Xerencia Municipal de Urbanismo, Área de Recursos Humanos e Formación (Negociado de Seguridade Social e Planificación e Organización) e Intervención Xeral Municipal aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**B) READMISIÓN DE DNA. BEGOÑA BUJÁN OTERO EN EXECUCIÓN DE AUTO DO XULGADO DO SOCIAL NÚMERO 1 DE VIGO, DITADO NO PROCEDEMENTO 302/2013, E DE DNA. VERÓNICA COSTAS RODRÍGUEZ EN EXECUCIÓN DO AUTO DO XULGADO DO SOCIAL NÚMERO 4 NO PROCEDEMENTO 314/2013. EXPTE. 27750/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 29/02/16, da xefa de RR HH, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- Pola Asesoría Xurídica Municipal remítense ao Servizo de Recursos Humanos autos en relación cos procedementos 302/2013 do Xulgado do Social Nº 1 de Vigo e 314/2013 do Xulgado do Social Nº 4, sendo demandantes D<sup>a</sup> Begoña Buján Otero e D<sup>a</sup> Veronica Costas Rodríguez, en relación coa execución das sentenzas 456/13 e 312/14, respectivamente.

2.- Na sentenza 456/13 do Xulgado do Social Nº 1, dictada no procedemento 302/2013, sendo demandante D<sup>a</sup> Begoña Buján Otero, fallabase:

“ Que desestimando la excepción de indebida acumulación de acciones alegada por Galaicontrol, S.L. y estimando en parte la demanda interpuesta por D<sup>a</sup> Begoña Buján Otero, debo declarar y declaro que entre dicha sociedad y el Concello de Vigo ha existido respecto a la demandante cesión ilegal de trabajadores y por tanto le reconozco a la actora la condición de trabajadora indefinida al servicio de dicho Concello con antigüedad del 9 de mayo de 2005, categoría profesional de delineante, grupo profesional C1, complemento de destino 18 y específico 312 y por tanto con derecho a percibir un salario mensual prorrateado de d.334,54 euros (2.001,03 euros en 14 pagas al año) y condeno a dichos demandados a estar y pasar por las anteriores declaraciones así como, de forma solidaria, a que le abonen a la trabajadora la cantidad de 3.153,29 euros en concepto de diferencias retributivas entre lo que percibió con cargo a dicha sociedad y lo que debiera haber

*percibido con las condiciones laborales que se le reconocen en la presente resolución y por el período de 1 de febrero de 2012 a 15 de junio de 2013 incluidas las pagas extras, desestimando las demás pretensiones deducidas en la demanda, de las que absuelvo a dichos demandados, absolviendo asimismo como absuelvo a la empresa Plans Estratégicos Territoriais de Transporte e Ambientais, S.L. al apreciar su falta de legitimación pasiva en esta litis.”*

*3.- Dita sentenza foi recurrida en suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola representación legal deste Concello, dictándose sentenza no recurso de suplicación 4099/2013 en data 12/06/2015, pola que se desestima o recurso de suplicación interposto polo Concello de Vigo e confirma íntegramente á do Xulgado do Social Nº 1.*

*4.- Polo Xulgado do Social Nº 1, dictase auto no citado procedemento polo que se acorda:*

*“Ejecutar la sentencia dictada en el procedimiento número 302/2013 seguido a instancia de D<sup>a</sup> Begoña Bujan Otero y requerir al Concello de Vigo para que de forma inmediata la integre en su plantilla como delineante, grupo C1, antigüedad del 9 de mayo de 2005 y salario mensual prorrateado de 2.334,54 euros, así como para que en concepto de diferencias retributivas hasta el 30 de septiembre de 2015 le abone la cantidad de 41.194,40 euros e igualmente le abone a su letrado la de 601 euros en concepto de honorarios.”*

*5.- Na sentenza 312/2014 do Xulgado do Social nº 4, dictada no procedemento ordinario 314/2013, sendo demandante D<sup>a</sup> Veronica Costas Rodríguez, fallábase:*

*“Que estimando parcialmente la demanda interpuesta por D<sup>a</sup> Veronica Costas Rodríguez, declaro su derecho a ostentar la condición de personal laboral indefinido del Concello de Vigo, con una antigüedad de 02-10-08, y categoría de auxiliar administrativo, condenando al Concello de Vigo y Galaincontrol, S.L. a estar y pasar por tal declaración.”*

*6.- Pola representación legal da demandante así como pola do Concello de Vigo formalizouse recurso de suplicación contra dita sentenza, fallandose polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en data 19 de xuño de 2015:*

*“Que desestimando los recursos de suplicación interpuestos por D<sup>a</sup> Veronica Costas Rodríguez, y el Ayuntamiento de Vigo, contra la sentencia dictada por el juzgado de lo social número cuatro de Vigo, en juicio seguido por la trabajadora citada contra la empresa Galaicontrol S.L. y el Ayuntamiento de Vigo, la Sala la confirma en su totalidad condenando al citado Ayuntamiento a abonar al letrado impugnando de su recurso la cantidad de 601 € en concepto de honorarios.”*

*7.- Con data 04/02/2015, o Xulgado do Social Nº 4 dicta auto, polo que se acorda:*

*“Ejecutar la sentencia dictada en el procedimiento 312/14 y requerir al Concello de Vigo para que integre a la actora en su plantilla como indefinida – no fija, con una antigüedad de 02-10-08 y categoría de auxiliar administrativa, así como para que proceda al abono de 36.085,68 euros.”*

*8.- Ámbalas dúas sentenzas son firmes, polo que á vista destas e dos informes da Asesoría Xurídica Municipal, incorporados ao expediente, e tendo en conta que é a competencia de dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requerimentos, mandamentos exhortos xudiciais provintes das autoridades xudiciais as ostenta o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal por delegación da Excma. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, á emisión de informe-proposta de resolución que permita a readmisión inmediata, tramitándose paralelamente o expediente administrativo de gasto nos termos da lexislación vixente.*

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

*I.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118); en idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.*

*II. -Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na **Sentenza 66/1982, de 12 de novembro**, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.*

*III.- En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1); sen prexuízo do cal, resulta de aplicación o disposto no artigo 111 en relación co artigo 280 da Lei 36/2011, de 16 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.*

*IV.- En consecuencia, procede que, con carácter urxente se autorice a readmisión das recorrentes no Concello de Vigo, dentro da estrutura organizativa da Área de Fomento, aos efectos de que preste os seus servizos de xeito efectivo no mesmo, nos termos do disposto na propia sentenza, coas categorías profesionais indicadas D<sup>a</sup> Begoña Bujan Otero (delineante, Subgrupo C1, CD 18 E CE 312 e antigüidade de 9 de maio de 2005) e D<sup>a</sup> Veronica Costas Rodríguez (auxiliar administrativo, Subgrupo C2, CD 16, CE 166 e antigüidade de 02 de outubro de 2008), sempre respectando, no exercicio das funcións que a sentenza lle atribúe, o establecido no artigo 9.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que prohíbe que o persoal laboral realice funcións reservadas a funcionarios públicos (participación directa o indirecta no exercicio das potestades públicas e salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas), motivo polo cal deberá tomarse en conta dita previsión legal, tanto pola reclamante como pola responsable do Servizo de destino, no desenvolvemento da actividade do servizo.*

*V.- En canto ao aboamento dos salarios deixados de percibir polas recorrentes será obxecto de tramitación independente ao obxecto de efectuar conxuntamente co pagamento a oportuna liquidación a seguridade social.*

*VI.- Este Servizo de Recursos Humanos únicamente dispón da partida orzamentaria 92001400000 no marco dos Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o presente exercicio económico 2016, entendendo a suscribinte –a salvo obviamente de mellor criterio da*

*Intervención Xeral Municipal- que deberá imputarse o gasto que xenere a readmisión á sinalada aplicación orzamentaria.*

*O réxime retributivo, será en todo caso o mesmo que o do persoal laboral integrado no cadro de persoal municipal, como así o estimou a referida resolución xudicial, resultando consecuentemente de aplicación o vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” no que non se atope suspendido na súa vixencia por mandato legal do Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.*

*VII.- Por último, e dende o estricto aspecto do ámbito funcional do Servizo de Recursos Humanos, debe tomar coñecemento o órgano encargado da planificación de xestión de persoal da situación que xeneran as resolucións xudiciais obxecto de execución na Área de Fomento, entendendo que sería altamente recomendable a reorientación, por parte dos responsables técnicos dos servizos e unidades, a fin de evitar máis declaracións xudiciais de indefinición de vínculos laborais, que derivan non só no incremento da carga económica do Capítulo I de gastos –circunstancia xa advertida en informes deste Servizo aos proxectos de Orzamentos Municipais para os exercicios 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013 (capítulo I)- senón nunha inflación da plantilla municipal con prazas que non só poden ser de innecesaria creación no marco da desexable racionalidade da estrutura interna da organización, senón que, adicionalmente, no marco legal actualmente vixente en materia orzamentaria, non atopa amparo legal, dado que a Lei 48/2015, de 29 de outubro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, establece no seu art. 20:*

*“Uno.1. A lo largo del ejercicio 2016 únicamente se podrá proceder, en el Sector Público delimitado en el artículo anterior, a excepción de las sociedades mercantiles públicas y entidades públicas empresariales, fundaciones del sector público y consorcios participados mayoritariamente por las Administraciones y Organismos que integran el Sector Público, que se regirán por lo dispuesto en las disposiciones adicionales décima tercera, décima cuarta y décima quinta, respectivamente, de esta Ley y de los Órganos Constitucionales del Estado, a la incorporación de nuevo personal con sujeción a los límites y requisitos establecidos en los apartados siguientes, salvo la que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores o de plazas de militares de Tropa y Marinería profesional necesarias para alcanzar los efectivos fijados en la Disposición adicional décima cuarta.*

*La limitación contenida en el párrafo anterior alcanza a las plazas incursas en los procesos de consolidación de empleo previstos en la Disposición transitoria cuarta del Estatuto Básico del Empleado Público.*

*2. Respetando, en todo caso, las disponibilidades presupuestarias del Capítulo I de los correspondientes presupuestos de gastos, en los siguientes sectores y administraciones la tasa de reposición se fijará hasta un máximo del 100 por ciento:*

*A) A las Administraciones Públicas con competencias educativas para el desarrollo de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, en relación con la determinación del número de plazas para el acceso a los cuerpos de funcionarios docentes.*

*B) A las Administraciones Públicas con competencias sanitarias respecto de las plazas de hospitales y centros de salud del Sistema Nacional de Salud.*

*C) A las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, a los Cuerpos de Policía Autónoma de aquellas Comunidades Autónomas que cuenten con Cuerpos propios de dicha Policía en su territorio, y, en el ámbito de la Administración Local, al personal de la Policía Local, en relación con la cobertura de las correspondientes plazas de dicha Policía. En el supuesto de las plazas correspondientes al personal de la Policía Local, se podrá alcanzar el cien por cien de la tasa de reposición de efectivos siempre que se trate de Entidades Locales que cumplan o no superen los*

*límites que fije la legislación reguladora de las Haciendas Locales o, en su caso, las Leyes de Presupuestos Generales del Estado, en materia de autorización de operaciones de endeudamiento. Además deberán cumplir el principio de estabilidad al que se refiere el artículo 11.4 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera tanto en la liquidación del presupuesto del ejercicio inmediato anterior como en el presupuesto vigente. En relación con este último, la Entidad deberá adoptar un Acuerdo del Pleno u órgano competente en el que se solicite la reposición de las plazas vacantes y en el que se ponga de manifiesto que aplicando esta medida no se pone en riesgo el cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria. Lo indicado en el presente párrafo deberá ser acreditado por la correspondiente Entidad Local ante el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, previamente a la aprobación de la convocatoria de plazas. En el supuesto de las plazas correspondientes al personal de la Policía Autónoma, se podrá alcanzar el cien por cien de la tasa de reposición de efectivos siempre que se trate, de Comunidades Autónomas que cumplan los objetivos de Estabilidad Presupuestaria y deuda pública establecidos de conformidad con la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera tanto en la liquidación del presupuesto del ejercicio inmediato anterior, como en el presupuesto vigente.*

*D) A las Fuerzas Armadas en relación con las plazas de militares de carrera y militares de complemento de acuerdo con lo previsto en la Ley 39/2007, de 19 de noviembre, de carrera militar.*

*E) A las Administraciones Públicas respecto del control y lucha contra el fraude fiscal, laboral, de subvenciones públicas y en materia de Seguridad Social, y del control de la asignación eficiente de los recursos públicos.*

*F) A las Administraciones Públicas respecto del asesoramiento jurídico y la gestión de los recursos públicos.*

*G) En la Administración de Justicia, atendiendo a las especiales circunstancias que concurren en la situación de cobertura de sus plazas, se computará el número máximo de plazas a autorizar en función del número total de plazas de la plantilla aprobadas dotadas presupuestariamente, y que hayan estado ocupadas por funcionarios interinos durante al menos los tres últimos años, autorizándose Oferta de Empleo Público en aquellos Cuerpos de funcionarios en el que el porcentaje de las plazas con este tipo de ocupación supere el 8 por ciento del total y en un número máximo que, acumulado para todos los Cuerpos, no podrá superar el 20 por ciento de las vacantes.*

*H) A las Administraciones Públicas respecto de la cobertura de las plazas correspondientes al personal de los servicios de prevención y extinción de incendios.*

*En el supuesto de las plazas correspondientes al personal de los servicios de prevención y extinción de incendios y salvamento, se podrá alcanzar el cien por cien de la tasa de reposición de efectivos siempre que se trate de Entidades Locales que cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las Haciendas Locales o, en su caso, las Leyes de Presupuestos Generales del Estado, en materia de autorización de operaciones de endeudamiento. Además deberán cumplir el principio de estabilidad al que se refiere el artículo 11.4 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera tanto en la liquidación del presupuesto del ejercicio inmediato anterior como en el presupuesto vigente. En relación con este último, la Entidad deberá adoptar un Acuerdo del Pleno u órgano competente en el que se solicite la reposición de las plazas vacantes y en el que se ponga de manifiesto que aplicando esta medida no se pone en riesgo el cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria. Lo indicado en el presente párrafo deberá ser acreditado por la correspondiente Entidad*

*Local ante el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, previamente a la aprobación de la convocatoria de plazas.*

I) A las Administraciones Públicas en relación con las plazas de personal investigador doctor de los Cuerpos y Escalas de los organismos públicos de investigación, definidos en la Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación.

Asimismo, se autorizan un total de 25 plazas en los Organismos Públicos de Investigación, para la contratación de personal investigador doctor, con certificado I3, en la modalidad de Investigador distinguido, como personal laboral fijo en dichos Organismos, previa acreditación de que la Oferta de Empleo Público de estas plazas no afecta a los límites fijados en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

Igualmente, con el límite máximo del 100 por ciento de la tasa de reposición, se autoriza a los organismos de investigación de otras Administraciones Públicas para la contratación de personal investigador doctor que haya superado una evaluación equivalente al certificado I3, en la modalidad de investigador distinguido, como personal

laboral fijo en dichos organismos, previa acreditación de que la oferta de empleo público de estas plazas no afecta a los límites fijados en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

J) A las plazas de los Cuerpos de Catedráticos de Universidad y de Profesores Titulares de Universidad y a las plazas de personal de administración y servicios de las Universidades, siempre que por parte de las Administraciones Públicas de las que dependan se autoricen las correspondientes convocatorias, previa acreditación de que la oferta de empleo público de las citadas plazas no afecta al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria establecidos para la correspondiente Universidad, ni de los demás límites fijados en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

Dentro del límite de la tasa de reposición correspondiente a los Cuerpos de Catedráticos de Universidad y de Profesores Titulares de Universidad, previsto en el párrafo anterior, cada Universidad estará obligada a destinar, como mínimo, un 15 por ciento del total de plazas que oferte, a la contratación, como personal laboral fijo, de personal investigador doctor que haya finalizado el Programa Ramón y Cajal y haya obtenido el certificado I3. De las restantes plazas que oferte, cada Universidad podrá destinar una parte de las mismas para el ingreso como profesor contratado doctor, en los términos previstos en el artículo 52 de la citada Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades.

K) A las Administraciones Públicas respecto de la supervisión e inspección de los mercados de valores y de los que en ellos intervienen.

L) A las plazas correspondientes a la seguridad aérea, respecto del personal que realiza actuaciones de inspección y supervisión de la seguridad aérea, las operaciones de vuelo y operaciones aeroportuarias y actuaciones relacionadas con las mismas, y a las plazas de personal en relación con la seguridad marítima, que realiza tareas de salvamento marítimo y prevención y lucha contra la contaminación marina, así como a las plazas de personal en relación con la seguridad ferroviaria y las operaciones ferroviarias.

M) A la Administración Penitenciaria.

N) Al Consejo de Seguridad Nuclear en relación con las plazas de funcionario de la Escala Superior del Cuerpo de Seguridad Nuclear y Protección Radiológica que realizan funciones de dirección, estudio y evaluación, inspección y control de las instalaciones radiactivas y nucleares.

Ñ) A la Acción Exterior del Estado.

O) A las plazas de personal que presta asistencia directa a los usuarios de los servicios sociales.

P) A las plazas de personal que realiza la gestión de prestaciones y políticas activas en materia de empleo.

3. En los sectores y Administraciones no recogidos en el apartado anterior, la tasa de reposición se fijará hasta un máximo del 50 por ciento.

4. Para calcular la tasa de reposición de efectivos, el porcentaje máximo a que se refiere el apartado anterior se aplicará sobre la diferencia resultante entre el número de empleados fijos que, durante el ejercicio presupuestario de

2015, dejaron de prestar servicios en cada uno de los sectores, ámbitos, cuerpos o categorías, previstos en el apartado anterior y el número de empleados fijos que se hubieran incorporado en los mismos, en el referido ejercicio, por cualquier causa, excepto los procedentes de ofertas de empleo público, o reingresado desde situaciones que no conlleven la reserva de puestos de trabajo. A estos efectos, se computarán los ceses en la prestación de servicios por jubilación, retiro, fallecimiento, renuncia, declaración en situación de excedencia sin reserva de puesto de trabajo, pérdida de la condición de funcionario de carrera o la extinción del contrato de trabajo o en cualquier otra situación administrativa que no suponga la reserva de puesto de trabajo o la percepción de retribuciones con cargo a la Administración en la que se cesa.

No computarán dentro del límite máximo de plazas derivado de la tasa de reposición de efectivos, aquellas plazas que se convoquen para su provisión mediante procesos de promoción interna.

Dos. Durante el año 2016 no se procederá a la contratación de personal temporal, ni al nombramiento de personal estatutario temporal o de funcionarios interinos salvo en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables que se restringirán a los sectores, funciones y categorías profesionales que se consideren prioritarios o que afecten al funcionamiento de los servicios públicos esenciales.”

**VIII.-** Considerando as competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 19/06/2015; considerando o carácter urxente da readmisión ordenada, sométese ao mesmo a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

**“PRIMEIRO.-** Executar as Sentenzas nº 456/2013, do 19 de xullo de 2013, dictada no procedemento nº 302/2013 (Xulgado do Social nº 1 de Vigo) e nº 312/2014, de 5 de maio de 2014, dictada no procedemento 314/2013 (Xulgado do Social Nº 4), e consecuentemente dispoñer a **readmisión inmediata con efectos do día 1 de marzo de 2016** de D<sup>a</sup> Begoña Buján Otero, con DNI 35.309.812-M e de D<sup>a</sup> Veronica Costas Rodríguez, con DNI 36.135.344-K, na Área de Fomento do Concello de Vigo, debendo causar alta na nómina municipal as traballadora indicadas coas condicións seguintes segundo sentenza:

D<sup>a</sup> Begoña Buján Otero

- relación laboral: persoal laboral indefinido por sentenza xudicial firme;
- categoría profesional de “delineante” (subgrupo C1, CD 18 e CE 311 e antigüidade de 9 de maio de 2005)

D<sup>a</sup> Veronica Costas Rodríguez

- relación laboral: persoal laboral indefinido por sentenza xudicial firme;
- categoría profesional de “auxiliar administrativa” (subgrupo C2, CD 16 e CE 166 e antigüidade de 2 de outubro de 2008)

**SEGUNDO.-** Dispoñer que deberán en todo caso respectarse as limitacións legais establecidas no artigo 9.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado en canto á reserva legal de funcións a favor dos funcionarios públicos, establecéndose como réxime retributivo o contemplado no vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, en canto ao persoal laboral integrado no cadro de persoal municipal, consonte ao disposto nos fallos das resolucións xudiciais que se executan.



**TERCEIRO.-** *Dispoñer, en execución da sentenza xudicial indicada, que se proceda, con carácter urxente polo Servizo de Recursos Humanos á tramitación de expediente de gasto para afrontar o o aboamento a D<sup>a</sup> Begoña Buján Otero e a D<sup>a</sup> Verónica Costas Rodríguez das contías correspondente que se indican nas citadas sentenzas previa a preceptiva fiscalización do gasto e a cuantificación total dos importes a aboar polos conceptos indicados.*

**CUARTO.-** *Dar conta do presente acordo aos Xulgados do Social nº 1 e 4 de Vigo aos oportunos efectos, a través da Asesoría Xurídica Municipal, notificando asemade ás recorrentes, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Fomento, Intervención Xeral Municipal e Xefatura da Área de Servizos Xerais, aos efectos que procedan, debendo darse conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e ratificación se procede.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**C) DAR CONTA DO EXPEDIENTE 27790/220, SOBRE LIQUIDACIÓN DE INTERESES NA EXECUCIÓN 310/2015, DO XULGADO DO SOCIAL NÚMERO 5 DE VIGO, NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 1238/2012, SEGUIDO A INSTANCIA DE DNA. M<sup>a</sup> ISABEL PÉREZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 27859/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 15/03/16 (Expte. 27790/220), da xefa de negociado de Persoal e Seguridade Social, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación, que di o seguinte:

*“Con data 02/03/16, dictase resolución polo Xulgado do Social Nº 5 de Vigo, na execución 310/2015, correspondente ao procedemento ordinario 1238/2012, seguido a instancia de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Pérez Rodríguez, en materia de cantidades.*

*En dita resolución cuantifícanse os intereses pendentes que ascenden a 2.844,65 €.*

*Dita execución 310/2015 correspondente ao procedemento 1238/2012 relativo a demanda de reclamación de cantidades presentada por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Pérez Rodríguez contra o Concello de Vigo foi executada por resolución do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal-Persoal de data 29 de decembro de 2015.*

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demáis resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.*

*En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as*

Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

**II.** Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na **Sentenza 66/1982, de 12 de novembro**, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

**III.** En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa.

**IV.** Efectuado RC 22019 pola Intervención Xeral con cargo a aplicación orzamentaria 92201410000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais" por importe de 2.844,65 € de principal e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

Único.- Dar cumprimento a resolución do Xulgado do Social nº 5 de Vigo, na execución 310/2015, procedemento ordinario 1238/2012, seguido a instancia de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Pérez Rodríguez (DNI 36088703-R) procedéndose ao abono da cantidade de 2.844,65 € en concepto de intereses unha vez efectuada a oportuna liquidación, na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia na conta nº IBAN nº IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274 co concepto: 3630 0000 64 031015."

A Xunta de Goberno Local queda informada.

#### **D) ADAPTACIÓN DE POSTO DE TRABALLO DO EMPREGADO D. ÉCTOR CONDE LORENZO, OFICIAL SEPULTUREIRO, NA OFICINA ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 26171/220.**

Dáse conta da Resolución do 14/03/16, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

Visto o informe emitido pola Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación en data 10/02/2016, e en cumprimento do informe de vixilancia da saúde sobre adaptación de posto do empregado municipal D. Éctor Conde Lorenzo;

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), nos seus artigos 73 e 52 a 54, así como a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, no seu artigo 25.1; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013,

do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente **RESOLVO**:

**Primeiro.-** Acordar dispoñer a adaptación de posto de traballo ó empregado municipal D. Éctor Conde Lorenzo, con nº de persoal 77691, oficial sepultureiro, que desenvolverá as funcións propias de auxiliar de servizos internos na Oficina Administrativa do Servizo de Cemiterios, funcións para as que resulta apto, segundo informe de vixilancia da saúde de data 03/03/2016.

**Segundo.-** Da presente resolución dése traslado ao interesado, Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente y Vida Saúdable, Servizo de Cemiterios, Área de Recursos Humanos e Formación (Planificación e Organización e inspección de persoal) é Técnicas de Prevención de Riscos aos efectos que procedan.

**Terceiro.-** Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

### **E) ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIÓNS DE D. FRANCISCO J. GONZÁLEZ YEBRA-PIMENTEL, NA ÁREA DE FOMENTO. EXPTE. 3801/440.**

Dáse conta do informe-proposta do 16/03/16, da xefa da área de RR HH e Formación, que di o seguinte:

*“Vista a solicitude tramitada en expediente administrativo 3801/440, asinada polo Xefe do Servizo Administrativo e Control orzamentario co conforme do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro-Delegada da Área de Fomento, que se transcribe literalmente:*

*“Primeiro .- Segundo o disposto no artigo 25.2 da Lei 7/85, Lei de bases do réxime local -en redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, son competencias propias dos Concellos -no ámbito de xestión da Área de Fomento- as seguintes:*

*“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*b) (...) xestión dos residuos sólidos urbanos (...)*

*c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

*Nesta nova redacción da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local ao artigo 26 da Lei 7/85 de Bases do Réxime Local contempláanse os servizos obrigatorios a prestar polos municipais segundo a poboación dos mesmos. O Concello de Vigo deberá prestar, en todo caso, os seguintes servizos mínimos obrigatorios no ámbito da Área de Fomento:*

*•Servizos de alumado público*

*Abstecimento de auga potable*

*Alcantarillado*

*Acceso a nucleos de poboación*

*Pavimentación de vías urbanas*

*Recollida e Tratamento de residuos  
Limpeza viaria*

Segundo .- Recollendo o contemplado na citada Lei 27/2013 emitiuse informe da Xefa do Servizo de Recursos Humanos co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal aprobado en sesión de 20 de xuño de 2014 da Xunta de Goberno Local no senso de dictar unhas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/1013, do 27 de decembro (LRSAL), Lei 5/2104, do 27 de maio e da Lei de orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, onde se contemplan os servizos prioritarios a efectos de selección e e incorporación de efectivos de carácter temporal. Así defínense como **servizos e sectores prioritarios** no Concello de Vigo xestionados pola Concellería de Fomento:

*Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.  
Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.  
Recollida e Tratamento de residuos  
Limpeza viaria*

Terceiro.- Na Área de Fomento nos últimos anos produciuse un incremento das cargas de traballos e funcións a realizar. Nos últimos sete anos incrementouse o nivel de xestión de recursos públicos -xestionáronse inversións por un importe superior aos 140 millóns de euros -.

A este incremento obxectivamente constatable das inversións no ámbito da Área de Fomento, así como de maior complexidade na xestión dos servizos públicos municipais dependentes únese a situación da práctica inexistencia de ofertas de emprego público dos últimos anos consecuencia das restricións das Leis Xerais dos Orzamentos do Estado.

Cuarto.- Actualmente dentro da escala técnica referida ao persoal de funcións xurídico-administrativas e orzamentarias, na Área de Fomento presta servizos tan só un funcionario con praza de Técnico de Administración xeral (que cumpre a idade de xubilación durante este ano 2016), e outro con praza de Técnico de Xestión para ocuparse de todas as tramitacións nesta materia de toda a Área (vías e obras, limpeza, electromecánicos, etc).

Quinto.- Nos próximos meses do ano 2016 producirase un incremento do volumen de traballo derivado entre outros, da execución das inversións municipais, da xestión dos recursos que a través do convenio/s que está previsto suscribir coa Deputación Provincial xerarán no orzamento da Área de Fomento, da posible concesión de diferentes axudas europeas solicitadas (Dusi, etc), así como do próximo remate de contratos de grande complexidade no ámbito da Área -como o de servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria, abastecemento de auga, etc- e a complexidade da dúa execución.

Sexto .- Á vista do exposto anteriormente o funcionario municipal con praza de Técnico de Administración Xeral, D. Francisco J. González Yebra-Pimentel manifestou verbalmente a súa disposición a realizar as tarefas propias da súa praza e posto na Área de Fomento.

A ampla formación profesional e técnica de D. Francisco J. González Yebra-Pimentel, a súa acreditada experiencia tanto en diferentes postos do organigrama municipal (Urbanismo, Asesoría Xurídica, Alcaldía, etc), como en postos de alta responsabilidade (titular da asesoría xurídica municipal, letrado do Tribunal Supremo, etc), así como a o constado desenvolvemento da tarefa xurídica e a súa recoñecida adicación ao servizo público en todos eles, fan do mesmo o técnico idoneo para as tarefas expostas.

*En bases ás motivacións anteriores e polo que tendo en conta o previsto no artigo 21.2 da Lei 36/2014 e nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos xa citados, solicítase desa Concellería de Xestión Municipal:*

*Que dispoña de forma urxente que o funcionario municipal Técnico de Administración Xeral (rama xurídica), D. Francisco J. González Yebra-Pimentel, desempeñe as funcións inherentes á súa praza e posto de traballo na Área de Fomento, Servizos Xerais.”*

*Vista a posibilidade legal de atribución aos funcionarios públicos de funcións distintas ás propias dos postos de traballo, expresamente contemplada no artigo 73.2 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que contempla que “las Administraciones Públicas podrán asignar a su personal funciones, tareas o responsabilidades distintas a las correspondientes al puesto de trabajo que desempeñen siempre que resulten adecuadas a su clasificación, grado o categoría, cuando las necesidades del servicio lo justifiquen sin merma en las retribuciones”.*

*Vistas as circunstancias anteditas, así como o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostenta o Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*“Primeiro.- Atribuir temporalmente ao funcionario municipal D. Francisco J. González Yebra-Pimentel, o desenvolvemento das funcións propias da súa praza e posto de técnico de administración xeral na Área de Fomento, sen prexuízo das que accidentalmente se lle podan atribuir co obxecto de garantir o apoio técnico ao Gabinete da Alcaldía, de conformidade coa proposta formulada polo Xefe do Servizo Administrativo e Control orzamentario de data 04/03/2016.*

*Segundo.- Notificar a preente resolución ao interesado, Gabinete da Alcaldía, Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, Sr. Xefe da Área de Fomento, Sr. Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentaria da Área de Fomento para coñecemento e efectos, dando conta á Xunta de Goberno Local.”*

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 16/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**F) AUTORIZACIÓN DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DUNHA ALUMNA DO “INSTITUTO ERUDITE INVESTIGACIÓN SOCIAL Y AMBIENTAL” NO SERVIZO VIGOZOO. EXPTE. 27829/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 16/03/16, da xefa de negociado de Persoal e Seguridade Social, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación, que di o seguinte:

*“Polo Servizo VigoZoo, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación solicitude de autorización de 50 horas de prácticas para a alumna Rosalía Rodríguez Riveiro do Instituto Erudite Investigación Social y Ambiental”, dando cumprimento a circular 1/2016 “Incidencias sobre xestión de convenios para a realización de prácticas profesionais ou formativos e/ou para a formación de bolsas de formación/colaboración no ámbito do Concello de Vigo”.*

*Examinada dita solicitude, compróbase que con data 14/03/2014, asinouse polo Instituto Erudite Investigación Social y Ambiental e o extinto OO.AA Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo un Convenio Marco para a realización de prácticas tuteladas co obxecto de potencialas capacidades profesionais dos estudantes e levar a cabo a súa formación práctica obrigatoria mediante períodos de estancias con profesionais en exercicio que cubran as diferentes facetas da educación ambiental.*

*Do contido das cláusulas despréndese que a súa sinatura non implica relación laboral ningunha co Concello, nin aboamento de cantidade pola realización das actividades formativas, así como a obriga do Instituto Erudite de proporcionar un seguro médico e de responsabilidade civil que cubra calquera eventualidade que puidera producirse durante a realización de ditas prácticas e que o número de horas solicitadas axústase as establecidas no Convenio.*

*Dita solicitude conta con informes de data 7/03/2016 e 10/03/2016 da persoa que se responsabilizará das prácticas, Consevador de VigoZoo e polo Director de Réxime Interior de VigoZoo, respectivamente, no que considera que ditas prácticas teñen encaixe na dinámica de actividades, así como que as mesmas están de acordo co obxecto do Convenio, o cal que se atopa en vigor.*

*Con data 16/03/2016 polo Sr. Director de Réxime Interior de VigoZoo, remítese informe complementario en relación coa petición do seguro contemplado na cláusula 10, no que se comunica que dado que o mesmo é nominativo para a alumna obxecto das prácticas o Instituto Erudite necesita a resolución de autorización das mesmas para a súa contratación.*

*Por isto ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostenta o Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*Primeiro.- Autorizar a solicitude realizada por “Instituto Erudite Investigación Social y Ambiental” para que a alumna de dito centro D<sup>a</sup> Rosalía Rodríguez Riveiro, con DNI 39488091-N realice 50 horas de prácticas no Servizo VigoZoo, a partir do mes de abril de 2016, de conformidade con Convenio marco asinado polo extinto OO.AA Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo e o Instituto Erudite Investigación Social y Ambiental con data 14/03/2014, así como dos informes do Sr. Conservador e do Director de Réxime Interior de VigoZoo de datas 7, 10 e 16 de marzo de 2016.*

*Segundo.- Comunicar a presente autorización ao Servizo VigoZoo e ao Instituto Erudite Investigación Social y Ambiental, ao obxecto de que aporte antes de inicialas prácticas copia da póliza de seguro médico e de responsabilidade civil nominativo.*

*Terceiro.- Dar conta da presente resolución a Xunta de Goberno Local.”*

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 16/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**H) AUTORIZACIÓN DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DUNHA ALUMNA DA “ESCOLA DE TEMPO LIBRE XARUMA” NO SERVIZO VIGOZOO. EXPTE.: 27830/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 16/03/16, da xefa de negociado de Persoal e Seguridade Social, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación, que di o seguinte:

*“Polo Servizo VigoZoo, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación solicitude de autorización de 150 horas de prácticas para a alumna Sandra Otero Ojea da Escola de Tempo Libre Xaruma, dando cumprimento a circular 1/2016 “Incidencias sobre xestión de convenios para a realización de prácticas profesionais ou formativos e/ou para a formación de bolsas de formación/colaboración no ámbito do Concello de Vigo”.*

*Examinada dita solicitude, compróbase que con data 27/02/2008, asinouse polo Escola de Tempo Libre Xarumal e o extinto OO.AA Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo un Convenio Marco para a realización de prácticas tuteladas co obxecto de potencialas capacidades profesionais dos estudantes e levar a cabo a súa formación práctica obrigatoria mediante estancias con profesionais en exercicio que cubran as diferentes facetas do tempo libre.*

*Do contido das cláusulas despréndese que a súa sinatura non implica relación laboral ningunha co Concello, nin aboamento de cantidade pola realización das actividades formativas, así como a obriga do Escola Xaruma de proporcionar un seguro médico e de responsabilidade civil que cubra calquera eventualidade que puidera producirse durante a realización de ditas prácticas e que o número de horas solicitadas axústase as establecidas no Convenio.*

*Dita solicitude conta con informede data /03/2016 do Director de Réxime Interior de VigoZoo, conformado pola Sra. Concelleira de Meido Ambiente e vida Saúdable, no que considera que ditas prácticas teñen encaixe na dinámica de actividades, así como que as mesmas están de acordo co obxecto do Convenio, o cal que se atopa en vigor.*

*Achégase ao presente expediente seguro de responsabilidade civil e de accidentes asinado por Asociación Xaruma coa Compañía de Seguros Catalana-Occidente S.A.*

*Por isto ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostenta o Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal por delegación efectuada en Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*Primeiro.- Autorizar a solicitude realizada por Escola de Tempo Libre Xaruma para que a alumna de dito centro D<sup>a</sup> Sandra Otero Ojea, con DNI 39466681-S, realice 150 horas de prácticas no Servizo VigoZoo, a partir do mes de abril de 2016, de conformidade con Convenio marco asinado polo extinto OO.AA Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo e a Escola de Tempo Libre Xaruma con data 27/02/2008, así como do informe do Director de Réxime Interior de VigoZoo de 4/03/2016.*

*Segundo.- Comunicar a presente autorización ao Servizo VigoZoo, a Escola de Tempo Libre Xaruma e Dar conta da presente resolución a Xunta de Goberno Local.”*

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 16/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

### **I) AUTORIZACIÓN DE XORNADAS DE REFORZOS DA POLICÍA LOCAL NO MES DE MARZO DE 2016. EXPTE. 27822/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 16/03/2016, da xefa da área de RR HH e Formación:

*“1.- Recíbese solicitude de autorización de realización de 297 xornadas de reforzos a realizar no mes de MARZO 2016 por efectivos adscritos ao Corpo da Policía Local, formalizada polo Superintendente Xefe do Corpo, e conformado polo Sr. Concelleiro/a-delegado/a da Área de Mobilidade e Seguridade, en aplicación dos requisitos e condicións do Programa para a realización de reforzos por persoal do dito Corpo vixente no ano 2016 (acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2015). A necesidade de realización das citadas xornadas vén motivada no informe do Intendente Xefe e funcións (Decreto Alcaldía 11/12/2013), e cuantifícase o custe das mesmas nun importe de 63992.77€.*

*2.- A Intervención Xeral informa en data 16/03/2016 a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 9200.1500000 “Productividade”, que contén crédito suficiente para cubrir o gasto proposto por un importe de 63992.77 € euros, expedíndose documento contable Rc num 23391 coa finalidade de preservar o crédito hasta a súa materialización.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*•I.- Segundo o Acordo marco para a realización de xornadas de reforzo por parte dos efectivos adscritos ao Corpo da Policía Local de Vigo, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2013, a proposta formulada polo Superintendente Xefe ten por obxecto:*

- Garantir a presenza dun mínimo de 48 funcionarios no turno de mañán durante todo o ano.*
- Garantir a presenza dun mínimo de 38 funcionarios no turno da tarde durante todo o ano.*
- Procurar nos turnos de mañana e tarde, e no seu caso no da noite para as campañas específicas que poidan establecerse, un incremento medio de catro funcionarios por turno.*
- Diseñar e executar con eficacia e eficiencia cantas actuacións específicas resulten do exercicio das competencias propias: controis de velocidade; consumo de alcohol e outras sustancias prohibidas na conducción de vehículos; controis sobre os pasos de peóns e cruces regulados con semáforos; controis sobre o uso dos medios de seguridade pasiva na utilización de vehículos; controis específicos en materia de seguridade cidadá –en particular, do fenómeno do botellón; controis sobre a ocupación do dominio público e de protección dos bens públicos; actuacións específicas en materia de violencia de xénero; actuacións específicas en materia de protección do medio ambiente; policía urbanística en canto ao control de actividades sin licenza ou non conformes á mesma; participar no mantemento da orde público nos espectáculos públicos, nas manifestacións e demais supostos de grandes concentracións de persoas, etc).*

*II.- Constitúe responsabilidade exclusiva da Xefatura do Corpo a verificación da efectiva realización dos servizos cuxa realización se propón autorizar polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa das datas e efectivos concretos de*



realización das mesmas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 que recolle grande parte das limitacións impostas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, e Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público –en desenvolvemento desta última norma, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 09/03/2012, adoptou acordo de limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade-.

Deste xeito, a Xefatura do Corpo deberá desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público, sempre atendendo ás especiais circunstancias da actividade policial nas entidades locais e ás características sociodemográficas concorrentes no termo municipal de Vigo.

IV.-A competencia para a autorización de realización de xornadas de reforzo por parte dos efectivos adscritos ao Corpo de Policía Local e conseguinte autorización do gasto inherente está expresamente delegada no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2015

En consecuencia, e á vista dos antecedentes e motivación expostos, efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Autorizar a realización de 297 xornadas de reforzos a realizar no mes de MARZO do ano 2016 por efectivos adscritos ao Corpo da Policía Local, segundo a petición formalizada polo Superintendente Xefe do Corpo, e conformado polo Sr. Concelleiro/a-delegado/a da Área de Seguridade, en aplicación dos requisitos e condicións do Programa para a realización de reforzos por persoal do dito Corpo vixente no ano 2016 (acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2015).

SEGUNDO.- Autorizar o gasto que en tal concepto se derive por un importe total de 63992.77€, con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Productividade) dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2016.( Rc num 23391)

TERCEIRO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2015, pola Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, sendo responsabilidade directa da xefatura do Corpo a non superación dos límites citados, a salvo de circunstancias de extrema e excepcional gravidade e necesidade, nos termos da lexislación vixente.

CUARTO.- Dispoñer a inclusión na nómina municipal de cada un dos efectivos incorporados ao Programa de reforzos 2016 dos importes que en concepto de produtividade se devenguen como consecuencia da realización dos servizos de reforzo indicados, nos termos da previa

*relación nominal expresiva e acreditativa de tal extremo que deberá remitir a Xefatura do Corpo ao Servizo de Recursos Humanos a tal efecto.*

*QUINTO.- Notificar a presente resolución á Xefatura do Corpo da Policía Local, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área correspondente e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 16/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente porposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**K) ENCOMENDA DE FUNCÍONS DE DNA. RAQUEL ABALDE COMESAÑA. EXPTE. 27258/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 15/03/2016, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación:

*“O Concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, en instrucción de servizo de data 09/11/2015, ordea a este servizo de Recursos Humanos que, ante a necesidade de realización das funcións de xestión, tramitación e seguimento da actividade administrativa da Unidade Administrativa de Alcaldía se ordea que polo Servizo de Recursos Humanos se realicen os trámites administrativos necesarios para encomendar as funcións correspondentes ao posto 179 “Técnico/a de Xestión” a funcionaria D<sup>a</sup> Raquel Abalde Comesaña, con N.P. 78893, funcionaria adscrita ao posto 209 – Xefe/a Negociado Alcaldía, retribuíndolles conforme as instrucións de plantilla vixentes.*

*Remitido na mesma data da instrucción a Intervención Xeral solicitude de Reserva de Crédito na partida 920.0.1500000 por importe de 829,96€, cantidade máxima a aboar no período novembro-décembro 2015, calculada en funcións das retribucións actuais dos postos 179 “Técnico/a de Xestión” e 209 “Xefe/a negociado Gabiente Alcaldía”, esta emite informes en data 13/11/2015, 7/12/2015 e 28/12/2015, sendo remitido a este servizo nesta data.*

*En data 22/01/2016, dado que, tal e como se recolle nas instrucións de Plantilla o límite temporal das encomendas de funcións establece no 31 de decembro, solicítase instrucións ao Concelleiro Delegado da Área sobre a realización da encomenda de funcións de Técnico de xestión, a funcionaria D<sup>a</sup> Raquel Abalde Comesaña, dentro da Unidade Administrativa de Alcaldía, para o ano 2016, dado que aínda que no orzamento do ano 2016 contemplase a adscrición a esta unidade dun posto de Técnico de xestión, ata a data non se procedeu a cobertura do mesmo e que polo tanto mantense as mesmas circunstancias que diron orixen no ano 2015 a instrucción do Concelleiro citada, asinado nova instrucción de servizo en data 22/01/2016, ordeando a este servizo a realización dos trámites administrativos necesarios para encomendar as funcións correspondentes ao posto 179 “Técnico/a de Xestión” a funcionaria D<sup>a</sup> Raquel Abalde Comesaña, con N.P. 78893, funcionaria adscrita ao posto 209 – Xefe/a Negociado Alcaldía, retribuíndolles conforme as instrucións de plantilla vixentes*

*A Intervención Xeral, emite informe favorable en data 23/02/2016, realizando reserva de crédito N<sup>a</sup> 15896 por importe de 6882.37 €, cantidade máxima a aboar calculada en funcións da retribución actual do posto acumulado Codg Rtb179 “Técnico/a de Xestión, segundo as vixentes Instrucións sobre a Plantilla e Rpt.*

*Dado a dilación na tramitación do presente expediente propónse dotar a resolución deste*

encomenda de eficacia retroactiva ao 01/01/2016, toda vez que iniciouse no mes de novembro de 2015 e a funcionaria leva realizado as tarefas a encomendar con anterioridade ao inicio do expediente.

Considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local e a delegación efectuada en Decreto de data 19 de xuño do 2015 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, PROPONSE:

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a funcionaria D<sup>a</sup> Raquel Abalde Comesaña, con N.P. 78893 ao posto 209 – Xefe/a Negociado Alcaldía as funcións correspondentes ao posto 179 “Técnico/a de Xestión”, vacante no servizo “Gabinete de Alcaldía” con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrita, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área.

Segundo.- A presente encomenda terá carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben pola cobertura da praza de técnico/a de xestións adscrita a Undade Administrativa da Alcaldía, pola implantación de novas estruturas organizativas e funcionais ou por reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais e en todo caso ata 31 de decembro do 2016. devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo informe do superior xerarquico indicando as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e avaliación das mesmas, así como acreditación da maior adicación horaria. Dito exceso de xornada resultante da realización das tarefas encomendadas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución, con efectos de 01/01/2016, dese traslado ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 15/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**L) ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DE XEFE DE SALA DE PROCESO DE DATOS DE D. FRANCISCO ESPÍÑEIRA ALVAREZ. EXPTE. 7319/113.**

Dáse conta do informe-proposta do 15/03/2016, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación:

*“Recíbese neste Servizo de Recursos Humanos Expte 7319-113 “Encomienda de funcións Xefe sala proceso de datos D Francisco Espiñeira Alvarez NP 80613” na que se solicita a encomenda ao dito funcionario as funcións do posto de Xefe de Sala de proceso de datos, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma.*

*O concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal en data 19/09/2015 ordea a tramitación Tendo en conta que, nas vixentes Instrucións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 recollen expresamente que se retribuirá en concepto de produtividade “A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado”, o importe a percibir, no caso de así considerarse, pola realización das tarefas encomendadas ascenderá a un máximo de 5.664,34 € , calculado en funcións das retribucións actuais dos postos 124 “Operador Informática” e 215 “Xefe/ a sala Proceso de datos”*

*A Intervención Xeral emite informes en datas 6/11/2015, 19/11/2015 e 22/01/2016, remítese a Intervención Xeral expte 7319-113, sendo realizada Reserva de Crédito nº 16884 por importe de 5.664,34 € , cantidade máxima a aboar, conforme ao previsto na Instrución 3ª das IPRPT e nas vixentes Bases de execución do orzamento (Importe mensual CD Posto Codg retrib. 215.- Xefe/a sala Proceso de datos: 514.94 €) con cargo a aplicación orzamentaria 9220.1500000 “Produtividade” do orzamento do presente exercicio.*

*Dado a dilación na tramitación do presente expediente propónse dotar a resolución deste encomenda de eficacia retroactiva ao 01/01/2016, toda vez que iniciouse no mes de novembro de 2015 e a funcionaria leva realizado as tarefas a encomendar con anterioridade ao inicio do expediente.*

*Considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e delegación efectuada en Decreto de Alcaldía e Acordo da XGL de 19/06/2015 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ,*  
**PROPONSE:**

*“Primeiro.- Encomendar provisional e transitoriamente ao funcionario D. Francisco Espiñeira Alvarez, con nº de persoal 80613, as funcións do posto vacante de Xefe de Sala de Proceso de datos, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo*

*asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma.*

*Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, dispoñéndose a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cobertura, mediante algun dos mecanismos legamente previstos do posto de xefe do sala de proceso de datos, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2016, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable*

*Terceiro.- Da presente resolución, con efectos de 01/01/2016, dése traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área así como ao Comité de Persoal.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."*

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 15/03/2016, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**15(291).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.